2. Desenvolver regulamentariamente, antes de que remate o ano 2019, a dita lei, abrindo ao efecto un procedemento participativo de cara a ese desenvolvemento.
3. Promover o Goberno campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia e dirixidas especialmente aos centros de ensino e a sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.
4. Potenciar o Comité Consultivo para a Protección Animal, regulado na Lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, como órgano de consulta e asesoramento con relación aos cans de asistencia.

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2019 16:05:25

Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2019 16:05:36

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2019 16:05:47

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/06/2019 16:05:59

María Luisa Pierres López na data 27/06/2019 16:06:16

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2019 16:06:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado luns 17 de xuño a Xunta de Galiza presentou publicamente a rehabilitación parcial do edificio administrativo de Benito Corbal, aínda pendente de completar coa adecuación de tres plantas das que fará uso a Universidade de Vigo.

O BNG considera positiva a actuación de reforma do edificio logo de máis de 8 anos de abandono. Os novos usos administrativos e sociais que vai ter, a cesión de espazos ao concello, a universidade e a entidades sociais vai permitir o uso e aproveitamento dun equipamento público, ao tempo que dinamiza a contorna urbana na que se empraza, a céntrica rúa Benito Corbal.

Mais consideramos que sería positivo que o edificio contase cun nome que o identifique, mais alá do nome da rúa na que está emprazado. E por iso propoñemos a denominación de Edificio Virxinia Pereira, en homenaxe a unha muller que naceu na Estrada e que tivo unha profunda relación con Pontevedra, cidade na que viviu 20 anos, e co autogoberno de Galiza, causa na que loitou toda a vida ao lado do seu marido Alfonso Rodríguez Castelao.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben a súa figura está solapada pola do escritor, artista, ensaísta e político, Virxinia Pereira Renda tivo personalidade e vida propia, mantivo durante toda a vida o compromiso coa súa terra, sufriu o espolio dos seus bens e da súa casa da rúa da Oliva, padeceu o rigor do exilio en Cuba, Estados Unidos e Arxentina, e, logo da morte de Castelao, loitou o resto da vida “como unha leoa” en defensa dos bens espoliados e do legado artístico e intelectual do seu home, que se conserva en grande parte no Museo de Pontevedra por vontade dos dous. Por todas estas razóns, Virxinia Pereira merece o máximo recoñecemento da cidade de Pontevedra e de toda Galiza.

O BNG entende tamén que a Xunta de Galiza debe sumarse ao proceso de feminización dos nomes dos espazos e edificios públicos, para combater unha visión androcéntrica que se materializa na preponderancia de nomes masculinos e na ocultación e na invisibilización das mulleres.

O vindeiro 23 de decembro de 2019 vanse cumprir 50 anos do pasamento de Virxinia Pereira Renda, polo que a escolla do seu nome para o renovado edificio da Xunta de Galiza en Pontevedra sería unha magnífica homenaxe á súa figura de muller boa e xenerosa, á que o noso país lle debe tanto.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en comisión:

“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que lle dea o nome ‘Virxinia Pereira Renda’ ao renovado edificio da administración autonómica da rúa Benito Corbal de Pontevedra.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2019 16:46:22

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2019 16:46:29

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2019 16:46:37

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2019 16:46:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2019 16:46:52





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2019 16:47:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do goberno galego das súas relacións cos exdirectivos de Pemex investigados por corrupción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Novamente Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse xa non só o resultado das promesas incumpridas do goberno e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo do naval galego, senón pola presunta implicación en casos de corrupción de exdirectivos desta empresa.

Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois e despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

O goberno de Feijóo debe dar explicacións sobre a corruptela de Pemex como afecta a Galiza a situación xerada ao facerse público que directivos de Pemex bendicidos polo goberno Feijóo están a ser investigados por corrupción. Urxen explicacións das súas relacións con Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo. Ademais, o Presidente de México López Obrador vén de anunciar que se van revisar os contratos da petroleira con Galiza por considerar que non había un trato xusto para Pemex. Esta situación certifica que a operación de venda a capital foráneo do asteleiro vigués ten máis sombras que luces e ademais ten un impacto negativo sobre a imaxe do naval galego.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento galego acorda

1- Pedir a comparecencia do Presidente da Xunta para explicar as posíbeis implicacións nas investigacións por corrupción sobre PEMEX.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2- Elaborar un informe sobre o grao de incumprimento dos anuncios de construción naval e as súas repercusións no tecido económico e social galego e na proxección de futuro do sector.”

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2019 17:02:35

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2019 17:02:45





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2019 17:03:12

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2019 17:03:21

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2019 17:03:32

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2019 17:03:43





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,

ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA

28 XUN. 2019

Núm. 52063

galicia

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

27 XUN. 2019

S A I D A

Núm. 139

Coa finalidade de dar cumprimento ao disposto no artigo 11 da Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021, achégolle o *Informe de Seguimento do Programa Estatístico 2018*, logo de ser sometido á consideración do Consello Galego de Estatística -na súa reunión do 21.06.2019-, tal e como preceptúa o artigo arriba citado.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación: <https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 27/06/2019 13:48:59

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



1052





INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

PLAN GALEGO DE ESTATÍSTICA 2017-2021

Programa estatístico 2018 Informe de Seguimento

Elaborado polo Instituto Galego de Estatística e trasladado ao Parlamento de Galicia
2018

2018



**Plan Galego de Estatística 2017-2021
Programa estatístico 2018
INFORME DE SEGUIMIENTO**

	Páxina
1. Introducción.....	3
2. Operacións, actividades e outras actuacións do PEA 2018.....	5
3. Indicadores de seguimento do PEA 2018.....	6
4. Satisfacción das metas de información do PGE 2017-2021.....	8
5. Indicadores de seguimento do PEA 2018 por departamento	9
Anexo 1. Informe resumo.....	15
Anexo 2. Informe detallado por consellería	17
Anexo 3. Análise por actividades.....	21
Anexo 4. Seguimento das actividade de interese estatístico e liñas de actuación salientables.	75
Anexo 5. Satisfacción das metas de información.....	79



1. INTRODUCCIÓN

Os programas anuais inclúen as actuacións orientadas a satisfacer os obxectivos do plan, clasificadas como:

Operacións estatísticas (OE), executadas e difundidas de acordo cun proxecto técnico no que participa unha administración galega nalguna fase a maiores da difusión. Pódense programar como operacións novas ou correntes. Coas novas búscase comprobar a viabilidade do proxecto (implantación) ou modifícalo (reestruturación). A programación das correntes depende de que sexa unha administración galega (curso) ou outra distinta (cumprimento) quen deseñe orixinariamente o proceso estatístico.

Actividades estatísticas (AE), executadas para difundir resultados que amplíen a oferta informativa sobre Galicia. A existencia de achegarmos datos novos foi introducida no plan 2017-2021 e supón que algunhas actividades que antes se clasificaban nesta categoría agora se programen como de interese estatístico (recompilación, investigación, nomenclaturas...) ou se trasladen ao plan anual de actuación previsto no Estatuto do IGE (coordinación, divulgación, formación...). A Enquisa de poboación activa prográmase como operación, xa que o IGE recolle a metade da mostra de Galicia, e os seus módulos como actividades, por se executar con idéntica metodoloxía. Na Enquisa estrutural a fogares emprégase o mesmo criterio.

Actividades de interese estatístico (AIE), programadas para cumprir os obxectivos instrumentais e de calidade do plan e contribuír ao desenvolvemento das súas liñas de actuación salientables.

Liñas de actuación salientables (LAS), para aumentar o valor da información dispoñible, afondando nas análises demográfica, social, cultural, económica e territorial.

En función desta tipoloxía de actuacións utilízanse dous procedementos para comprobar os resultados: cuantitativo nas operacións e actividades estatísticas e cualitativo nas de interese estatístico e liñas salientables. As do primeiro grupo valóranse cos indicadores de execución, puntualidade, oportunidade, dinamismo, estabilidade e satisfacción das metas.

A execución das operacións (OE) mídese comprobando os resultados acadados en cada fase, desde a recolla de datos ata a difusión nas introducidas en implantación, curso ou cumprimento, e segundo o estado de revisión dos seus proxectos técnicos nas programadas en fase de reestruturación.

A execución das actividades estatísticas (AE) mídese en función dos obxectivos concretos que figuran no anexo III do decreto de programa e con criterios análogos aos empregados nas operacións.

O indicador de puntualidade calcúlase nas operacións correntes con difusión programada e, desde o programa 2017, nas actividades estatísticas. Sen considerarmos as difundidas en varias datas nin os indicadores que se actualizan segundo o permiten as fontes primarias, compróbase a publicación no soporte e data previstos, polo que é compatible unha execución completa cun cumprimento nulo do calendario. Este resultado dáse cando se elaboran os datos, pero non se difunden, ou se difunden



con retraso (máis de dous meses nas estatísticas anuais e fóra do mes previsto nas de periodicidade inferior).

O **indicador de oportunidade** complementa ao de puntualidade penalizando a distancia en meses entre período de referencia e data de difusión. Calcúlase nas operacións correntes e, desde o programa 2017, nas actividades estatísticas, ámbalas dúas agrupadas en estruturais (de periodicidade anual ou semestral) e conxunturais (de periodicidade mensual ou trimestral). De non se publicar o previsto no programa, a oportunidade estímase considerando como data de difusión a do peche do seguimento (marzo do ano seguinte) e indícase cun asterisco nas táboas do anexo 3 do informe.


O **indicador de dinamismo** aplícase ás operacións en implantación e reestruturación para comprobar se se transforman en operacións en curso. Calcúlase dividindo o número das que evolucionan correctamente entre o total das novas do programa.

O **indicador de estabilidade** aplícase ás operacións correntes para comprobar se permanecen no seguinte programa. Calcúlase dividindo o número das programadas en curso ou cumprimento que fican neses estados entre o total das correntes do programa anterior. A estabilidade tamén se mide nas actividades estatísticas.

O **índice de satisfacción** reflicte se as operacións e actividades estatísticas achegan información relevante sobre as temáticas implícitas nas metas de información do plan. Para estimar o grao de satisfacción dunha meta determínanse as estatísticas potencialmente subministradoras de información encol dela e, destas, as que difundiron resultados.

Para calcular indicadores globais e por departamento sobre execución, puntualidade e oportunidade pondéranse as actuacións por tipo, dándolles máis peso ás operacións fronte ás actividades estatísticas e, dentro das primeiras, ás correntes fronte ás novas. O criterio vencella o resultado coa complexidade e madurez das estatísticas, situando á cabeza ás operacións correntes que cumpren os requisitos da estatística oficial, seguidas das actividades estatísticas que cobren metas de información e, por último, das operacións novas que se a implantan ou reestruturan.



**2. OPERACIÓNS, ACTIVIDADES E OUTRAS ACTUACIÓNS DO PEA 2018**

O PEA 2018 inclúe 84 operacións (OE), 60 actividades estatísticas (AE), 28 actividades de interese estatístico (AIE) e 8 clasificadas dentro das liñas de actuación salientables (LAS). Esta oferta pretende cubrir os obxectivos informativos, instrumentais e de calidade do plan 2017-2021 e cumprir coa obriga de considerar a perspectiva de xénero na actividade estatística. Das 84 operacións con proxecto técnico, 2 programáronse en reestruturación para modificar a súa metodoloxía, 70 en curso e 12 en cumprimento.

Número	PEA 2012	PEA 2013	PEA 2014	PEA 2015	PEA 2016	PEA 2017	PEA 2018
operacións	103	112	102	98	97	80	84
operacións novas	19	42	23	23	10	5	2
en proxecto	12	33	13	7	4	-	-
en implantación	5	5	9	10	5	3	0
en reestruturación	2	4	1	6	1	2	2
operacións correntes	84	70	79	75	87	75	82
en curso	73	57	66	63	73	63	70
en cumprimento	11	13	13	12	14	12	12
actividades estatísticas	41	47	72	66	73	57	60
Total	144	159	174	164	170	137	144



3. INDICADORES DE SEGUIMENTO DO PEA 2018

A execución das 144 operacións e actividades acadou o 98%. Os indicadores de calendario amosan un 77% de puntualidade e desfases entre datas de referencia e difusión de 13 meses nas estatísticas estruturais e de 3 nas conxunturais. A estabilidade e o dinamismo foron do 92% e 100%, respectivamente. Cos datos difundidos atendéronse o 83% das metas do plan.

Indicadores	PEA 2012	PEA 2013	PEA 2014	PEA 2015	PEA 2016	PEA 2017	PEA 2018
Execución (%)	90,2	89,4	83,0	83,7	85,6	89,3	97,6
operacións	89,7	87,9	83,8	83,7	85,4	88,0	97,3
operacións novas	75,3	62,4	59,2	75,0	79,0	90,0	100
operacións correntes	93,3	94,3	89,9	86,5	87,0	87,5	96,7
actividades estatísticas	92,9	95,1	80,0	81,6	86,3	91,2	98,0
Puntualidade (%)	-	-	-	-	-	71,9	76,7
operacións correntes	75,0	82,6	68,2	64,6	65,0	63,0	70,0
actividades estatísticas	-	-	-	-	-	85,3	86,8
Oportunidade (meses)	-	-	-	-	-	11	11
operacións correntes	-	-	11	11	12	11	12
estruturais	-	-	-	13	13	12	13
conxunturais	-	-	-	4	5	3	4
actividades estatísticas	-	-	-	-	-	10	10
estruturais	-	-	-	-	-	12	12
conxunturais	-	-	-	-	-	3	3
operacións correntes e actividades estruturais	-	-	-	-	-	12	13
operacións correntes e actividades conxunturais	-	-	-	-	-	3	3
Estabilidade (%)	80,0	94,9	84,8	95,7	75,6*	93,9	92,3
operacións correntes	75,0	95,7	87,3	98,7	81,6	96,0	92,7
actividades estatísticas	90,2	93,6	81,9	92,4	68,5*	91,2	91,7
Dinamismo operacións novas (%)	52,6	45,2	39,1	43,5	50,0	80,0	100
Satisfacción metas do plan (%)	61,8	60,3	67,2	61,1	68,7	79,2	83,2

Nota: No 2017 recálculanse os indicadores de execución, puntualidade e oportunidade coas ponderacións actualizadas: 60% para OE e 40% para AE.
 * Sen considerar as actividades estatísticas que se converten en actividades de interese estatístico no PEA 2017.

Nos tres primeiros anexos do informe detállanse os indicadores por consellería, operación e actividade, no cuarto os resultados das actividades de interese estatístico e liñas salientables e no quinto os índices de satisfacción das metas por áreas e seccións do plan.

Operacións novas

No 2018 programáronse dúas operacións en reestruturación, que se executaron completamente e se trasladaron ao PEA 2019 como operacións en curso:

- 3902-01 Contas económicas anuais
- 3902-02 Contas económicas trimestrais

Operacións novas	2012 a 2013	2013 a 2014	2014 a 2015	2015 a 2016	2016 a 2017	2017 a 2018	2018 a 2019
nº que evoluciona correctamente	10	19	9	10	5	4	2
nº no PEA de orixe	19	42	23	23	10	5	2
Indicador de dinamismo (%)	52,6	45,2	39,1	43,5	50,0	80,0	100






Programa estatístico 2018 Seguimento

O Consello Galego de Estatística aprobou catro proxectos técnicos no 2018:

- 3801-05 Enquisa a empresas multilocalizadas
- 3902-04 Renda municipal do sector fogares
- 3902-05 Contas do sector fogares
- 3903-01 Marco input-output de Galicia

Operacións correntes

As 82 operacións correntes executáronse nun 97% e 76 trasladáronse ao PEA 2019 no mesmo estado¹. Unha das programadas non tiña prevista fase de difusión² e cinco eran indicadores de actualización continua³. O calendario das 76 restantes cumpriuse nun 70%. Para a oportunidade tampouco se consideraron unha operación de periodicidade semanal, outra con varias datas de referencia e dúas de proxeccións⁴. Nas 72 restantes a dispoñibilidade media foi de 13 meses nas estruturais e de 4 meses nas conxunturais.



Operacións correntes e actividades estatísticas	2012 a 2013	2013 a 2014	2014 a 2015	2015 a 2016	2016 a 2017	2017 a 2018	2018 a 2019
nº OE correntes que permanecen no seguinte PEA	63	67	69	74	71	72	76
nº AE que permanecen no seguinte PEA	37	44	59	61	50	52	55
nº OE correntes do PEA	84	70	79	75	87	75	82
nº AE do PEA	41	47	72	66	73	57	60
Estabilidade das OE correntes (%)	75,0	95,7	87,3	98,7	81,6	96,0	92,7
Estabilidade das AE (%)	90,2	93,6	81,9	92,4	68,5*	91,2	91,7
Estabilidade xeral (%)	80,0	94,9	84,8	95,7	75,6*	93,9	92,3

* Sen considerar as actividades estatísticas que se converten en actividades de interese estatístico no PEA 2017.

Actividades estatísticas

Forman parte deste grupo que aumenta a oferta de información sobre Galicia as explotacións de microdatos doutras administracións (comercio exterior da AEAT, movementos migratorios do INE...),

¹ Cinco non se programaron no 2019 por periodicidade (Proxeccións de fogares, Proxeccións de poboación a curto prazo, Inserción laboral das persoas tituladas de FP, Enquisa de ocupación na pesca, PIB municipal) e unha reestruturouse (Marco input-output).

² Marco input-output.

³ Indicadores de seguimento das DOT; Sistema de indicadores de lonxevidade; Indicadores de xénero; Indicadores de cohesión social; Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do PDR.

⁴ Reservas de auga; Sistema de indicadores da sociedade da información; Proxeccións de fogares; Proxeccións de poboación a curto prazo.



algúns indicadores (intensidade turística, carga de poboación estacional...) e outras relacionadas co territorio ou co sistema de contas (panorama rural e urbano, renda municipal...). As 60 actividades do PEA 2018 executáronse nun 98% e difundíronse cunha puntualidade do 87% e con desfases de 12 meses (estruturais) e 3 meses (conxunturais)⁵. O seu indicador de estabilidade foi do 92%⁶.

Actividades de interese estatístico

O PEA 2018 inclúe 28 actuacións concretas dentro das 10 clasificadas como de interese estatístico, xunto cos obxectivos instrumentais e de calidade que satisfán. O anexo 4 recolle os seus resultados.

Liñas de actuación salientables

As actuacións concretas a realizar dentro desta categoría figuran no artigo 2 do decreto do PEA 2018 e os resultados acadados no anexo 4.

4. SATISFACCIÓN DAS METAS DE INFORMACIÓN DO PGE 2017-2021

Cos datos publicados do PEA 2018 quedan atendidas as metas de tecnoloxía, o 80% das de territorio e medio, o 84% das clasificadas na área social e o 78% das relacionadas coa estrutura produtiva⁷.

PGE 2017-2021		PEA 2018	
Áreas e seccións	nº metas	nº metas satisfeitas	Índice (%)
1 Territorio, recursos naturais e medio	10	8	80,0
1.1 Territorio e recursos naturais	4	3	75,0
1.2 Medio ambiente	6	5	83,3
2 Sociedade	44	37	84,1
2.1 Poboación e fogares	4	4	100
2.2 Sanidade	6	6	100
2.3 Educación e capital humano	7	7	100
2.4 Traballo	10	9	90,0
2.5 Condicións sociais	11	9	81,8
2.6 Cultura e lecer	4	1	25,0
2.7 Vivenda	2	1	50,0
3 Estrutura produtiva	37	29	78,4
3.1 Sector agrario	7	6	85,7
3.2 Pesca e acuicultura	5	4	80,0
3.3 Enerxía e industria	2	2	100
3.4 Construción	1	1	100
3.5 Servizos de mercado	5	5	100
3.6 AA.PP e servizos non de mercado	4	2	50,0
3.7 Mercados e prezos	5	5	100
3.8 Actividade empresarial	3	1	33,3
3.9 Sistema de contas	5	3	60,0
4 Coñecemento e tecnoloxía	10	10	100
4.1 Sociedade da información	6	6	100
4.2 Ciencia e tecnoloxía	4	4	100
Total áreas	101	84	83,2

⁵ No cálculo da puntualidade e da oportunidade non se consideran as actividades que se actualizan de xeito continuo ou se difunden en varias datas (Banco de series de conxuntura; Indicadores de contexto do plan estratéxico; Indicadores de contexto do PDR; Panorama rural e urbano; Indicadores ambientais). No indicador de puntualidade tampouco se introduce a Explotación estatística da información tributaria que se publica en varias datas e no de oportunidade os Indicadores de innovación sen data de referencia concreta.

⁶ Non se programan no 2019 por periodicidade o módulo da EPA de actividade por conta propia e os da EEF sobre dependencia e menores. As actividades Contas do sector fogares e Renda municipal dos fogares transfórmanse en operacións novas.

⁷ No 2018 programáronse ademais dúas actividades asociadas con metas non tratadas no PGE 2012-2016:

- 9101-01 Incendios forestais (meta 1.1.6). Non se difundiron os resultados previstos.

- 9301-01 Balance enerxético (meta 3.3.1). Difundíronse os resultados previstos.





Programa estatístico 2018 Seguimento

A columna “metas satisfeitas potencial” da táboa seguinte recolle as que se cubrirían de difundirse todas as actividades programadas relacionadas coa temática de cada área. En termos globais, coa información publicada do PEA 2018 atendéronse o 83% das metas, fronte ao 87% que se conseguiría de executarmos completamente o programado.

Para analizar con máis precisión este indicador, poderíanse considerar as metas que se atenderían sen máis que executar e difundir os resultados das estatísticas do plan 2012-2016 que se incorporaron como consolidadas no vixente. Partiríamos entón duns índices de satisfacción entre o 70% e o 100%, que, logo de executar o PEA 2018, se conseguen manter na área tecnolóxica e superar na relacionada co territorio.

Área	PGE 2017-2021		PEA2018		Índice de satisfacción (%)		
	nº metas	nº metas con OE e AE consolidadas	nº metas satisfeitas efectivas	nº metas satisfeitas potencial	coas OE e AE consolidadas	co PEA 2018 efectivo	co PEA 2018 potencial
1. Territorio, recursos naturais e medio	10	7	8	10	70,0	80,0	100
2. Sociedade	44	38	37	37	86,4	84,1	84,1
3. Estrutura produtiva	37	32	29	31	86,5	78,4	83,8
4. Coñecemento e tecnoloxía	10	10	10	10	100	100	100
Total	101	87	84	88	86,1	83,2	87,1

A área sobre estrutura produtiva con 37 metas segue a ser a máis feble en resultados. As estatísticas consolidadas satisfarían o 87% das metas, as programadas no 2018 aspiraban a conseguir un 84% e as finalmente executadas só o fixeron nun 78%.

5. INDICADORES DE SEGUIMENTO DO PEA 2018 POR DEPARTAMENTO

O IGE participou con tres consellerías na elaboración de catro estatísticas⁸ e foi responsable do 40% restante. Os departamentos competentes en políticas de emprego, medio rural e sanidade séguenlle por tamaño da súa oferta. Presidencia, Vicepresidencia, Infraestruturas, Política Social e Mar acadaron porcentaxes máximas de execución e puntualidade.


Departamento	PEA 2018						
	nº	nº	total	execución (%)	puntualidade (%)	oportunidade (meses)	
	operacións	actividades				estrutural	conxuntural
Presidencia	4	3	7	100	100	11	-
Vicepresidencia	3	1	4	100	100	2	-
Facenda	1	0	1	100	0,0	9	-
Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	5	3	8	84,9	80,0	11	10
Infraestruturas e Mobilidade	2	0	2	100	100	4	-
Economía, Emprego e Industria	12	5	17	88,2	40,0	13	1
Educación, Universidade e Formación Profesional	3	0	3	100	63,9	25	-
Cultura e Turismo	2	4	6	100	60,0	10	2
Sanidade	10	1	11	100	76,0	12	-
Política Social	5	1	6	100	100	6	-
Medio Rural	11	5	16	97,4	25,5	22	7
Mar	3	2	5	100	100	5	-
IGE	26	36	62	99,8	100	14	3
Total	84	60	144	97,6	76,7	13	3

⁸ Táboas de mortalidade; Construción de edificios; Indicadores complementarios do PDR; Indicadores de contexto do PDR.







Presidencia




Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AA.PP e Xustiza



Consellería de Facenda




Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda







Consellería de Infraestruturas e Mobilidade




Consellería de Economía, Emprego e Industria



Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional




Consellería de Cultura e Turismo




Programa estatístico 2018 Seguimento


Consellería de Sanidade




Consellería de Política Social



Consellería do Medio Rural




Consellería do Mar





Instituto Galego de Estatística



Anexo 1. Informe resumo

Número de operacións e actividades

Departamento	Operacións estatísticas (OE)			Actividades est. (AE)
	Correntes	Novas	Total	
Presidencia da Xunta	4	0	4	3
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	3	0	3	1
Consellería de Facenda	1	0	1	0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	5	0	5	3
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	2	0	2	0
Consellería de Economía, Emprego e Industria	12	0	12	5
Consellería de Educación, Universidade e FP	3	0	3	0
Consellería de Cultura e Turismo	2	0	2	4
Consellería de Sanidade	10	0	10	1
Consellería de Política Social	5	0	5	1
Consellería do Medio Rural	11	0	11	5
Consellería do Mar	3	0	3	2
Instituto Galego de Estatística	24	2	26	36
Total Comunidade Autónoma	82	2	84	60

A suma por departamentos non coincide co Total da C.A. porque as operacións compartidas figuran en todos os departamentos responsables. As operacións novas inclúen as programadas en implantación e reestruturación. As operacións correntes inclúen as programadas en curso e cumprimento.

Grao de execución das operacións e actividades

Departamento	Grao Execución OE (%)			Grao Exec. AE (%)	Grao Exec. Global (%)
	Correntes	Novas	Total		
Presidencia da Xunta	100.0	-	100.0	100	100.0
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	100.0	-	100.0	100	100.0
Consellería de Facenda	100.0	-	100.0	-	100.0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	97.0	-	97.0	66.7	84.9
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	100.0	-	100.0	-	100.0
Consellería de Economía, Emprego e Industria	80.4	-	80.4	100	88.2
Consellería de Educación, Universidade e FP	100.0	-	100.0	-	100.0
Consellería de Cultura e Turismo	100.0	-	100.0	100	100.0
Consellería de Sanidade	100.0	-	100.0	100	100.0
Consellería de Política Social	100.0	-	100.0	100	100.0
Consellería do Medio Rural	98.0	-	98.0	96.6	97.4
Consellería do Mar	100.0	-	100.0	100	100.0
Instituto Galego de Estatística	99.9	100	99.9	99.7	99.8
Total Comunidade Autónoma	96.7	100	97.3	98	97.6

O grao de execución das operacións obtense como media ponderada das operacións correntes (80 %) e as novas (20 %).

O grao de execución global obtense como media ponderada do grao de execución das operacións -OE- (60 %) e das actividades -AE- (40 %).



Indicadores de puntualidade

Departamento	OE		AE		Global	
	Num	I. punt. (%)	Num	I. punt. (%)	Num	I. punt. (%)
Presidencia da Xunta	4	100.0	3	100.0	7	100.0
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	3	100.0	1	100.0	4	100.0
Consellería de Facenda	1	0.0	0		1	0.0
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	4	75.0	2	87.5	6	80.0
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	2	100.0	0		2	100.0
Consellería de Economía, Emprego e Industria	12	25.0	5	62.5	17	40.0
Consellería de Educación, Universidade e FP	3	63.9	0		3	63.9
Consellería de Cultura e Turismo	2	50.0	4	75.0	6	60.0
Consellería de Sanidade	10	60.0	1	100.0	11	76.0
Consellería de Política Social	5	100.0	1	100.0	6	100.0
Consellería do Medio Rural	10	42.5	4	0.0	14	25.5
Consellería do Mar	3	100.0	2	100.0	5	100.0
Instituto Galego de Estatística	19	100.0	31	100.0	50	100.0
Total Comunidade Autónoma	76	70.0	54	86.8	130	76.7

O Indicador de puntualidade calcúlase para as operacións correntes e as actividades estatísticas con difusión programada e data concreta. O indicador de puntualidade global obtense como media ponderada do indicador de puntualidade das operacións -OE- (60 %) e das actividades -AE- (40 %).

Indicadores de oportunidade

Departamento	Num	OE		Num	AE		Global	
		I. Oport. Conx.	I. Oport. Estrut.		I. Oport. Conx.	I. Oport. Estrut.	I. Oport. Conx.	I. Oport. Estrut.
Presidencia da Xunta	3	-	10 m	3	-	12 m	-	11 m
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, AAPP e Xustiza	3	-	2 m	1	-	3 m	-	2 m
Consellería de Facenda	1	-	9 m	0	-	-	-	9 m
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	4	10 m	14 m	2	-	7 m	10 m	11 m
Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	1	-	4 m	0	-	-	-	4 m
Consellería de Economía, Emprego e Industria	12	-	13 m	5	1 m	13 m	1 m	13 m
Consellería de Educación, Universidade e FP	3	-	25 m	0	-	-	-	25 m
Consellería de Cultura e Turismo	2	-	8 m	4	2 m	13 m	2 m	10 m
Consellería de Sanidade	10	-	13 m	1	-	9 m	-	12 m
Consellería de Política Social	5	-	5 m	1	-	6 m	-	6 m
Consellería do Medio Rural	10	2 m	22 m	4	16 m	22 m	7 m	22 m
Consellería do Mar	3	-	6 m	2	-	3 m	-	5 m
Instituto Galego de Estatística	17	4 m	16 m	31	2 m	12 m	3 m	14 m
Total Comunidade Autónoma	72	4 m	13 m	54	3 m	12 m	3 m	13 m

O Indicador de oportunidade exprésase en meses (m) e calcúlase para as operacións correntes e as actividades con difusión programada, data concreta, períodos de referencia determinados e unha periodicidade concreta. O indicador de oportunidade global obtense como media ponderada do indicador de puntualidade das operacións -OE- (60 %) e das actividades -AE- (40 %).



Anexo 2. Informe detallado por consellería

Presidencia da Xunta	Execución	Calendario
2101-08-AE05 Galicia aberta: a emigración en cifras	100	100
4101-02-OE05 Sistema de indicadores da sociedade da información : en curso	100	100
4102-01-OE05 Empresas TIC de Galicia : en curso	100	100
4102-02-AE05 Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia	100	100
4103-01-OE05 Estatística sobre a Administración electrónica na Xunta de Galicia : en curso	100	100
4103-02-OE05 Estatística da Administración electrónica nos concellos galegos : en curso	100	100
4106-01-AE05 A sociedade da información no medio rural	100	100

Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	Execución	Calendario
2101-07-OE05 Explotación estatística do Rexistro de Parellas de Feito : en curso	100	100
2508-01-OE05 Estatística de violencia de xénero : en curso	100	100
2511-01-OE05 Estatística de chamadas ao Centro de Atención ás Emerxencias 112 : en curso	100	100
2511-02-AE05 Asistencia xurídica gratuíta	100	100

Consellería de Facenda	Execución	Calendario
2401-02-OE05 Persoal ao servizo da Administración autonómica : en cumprimento	100	0

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda	Execución	Calendario
1101-01-OE05 Estado do planeamento urbanístico dos concellos : en curso	100	0
1101-02-OE05 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio : en curso	85	-
1103-01-OE05 Estatística de licenzas de pesca e caza : en curso	100	100
1201-01-AE05 Climatoloxía	100	100
1202-01-AE05 Calidade do aire	100	75
1205-01-OE05 Xestión de residuos de competencia municipal : en curso	100	100
1207-01-AE05 Indicadores ambientais	0	-
3401-02-OE05 Estatística de construción de edificios : en cumprimento	100	100

Consellería de Infraestruturas e Mobilidade	Execución	Calendario
1102-01-OE05 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma : en curso	100	100
1203-01-OE05 Reservas de auga : en curso	100	100

Consellería de Economía, Emprego e Industria	Execución	Calendario
2307-01-OE05 Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego : en curso	100	100
2401-01-OE05 Datos sobre ocupacións máis contratadas : en curso	100	100
2401-04-OE05 Apertura de centros de traballo : en curso	0	0
2401-05-OE05 Centros especiais de emprego : en curso	55	0
2401-09-AE05 Informe do paro rexistrado	100	100
2401-13-AE05 Explotación do Rexistro de Contratos Laborais	100	100
2402-01-OE05 Sinistralidade laboral : en curso	100	100
2404-01-OE05 Empresas de traballo temporal : en curso	100	0
2406-01-AE05 Negociación colectiva	100	100



2406-02-AE05 Conciliacións individuais e colectivas	100	0
2407-01-OE05 Eleccións sindicais : en curso	100	0
2408-01-OE05 Infraccións e sancións na orde social : en curso	100	0
2409-01-OE05 Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada : en curso	100	0
2410-01-OE05 Desprazamento transnacional de persoas traballadoras : en curso	100	0
3803-01-OE05 Cooperativas : en curso	55	0
3803-02-OE05 Sociedades laborais : en curso	55	0
9301-01-AE05 Balance enerxético	100	12.5

Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional	Execución	Calendario
2301-01-OE05 Estatística do ensino non universitario en Galicia : en curso	100	66.67
2305-01-OE05 Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia : en curso	100	25
2306-01-OE05 Inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional : en curso	100	100

Consellería de Cultura e Turismo	Execución	Calendario
2601-01-AE05 Estatística de bibliotecas públicas	100	50
3503-01-AE05 Emprego no sector turístico galego	100	100
3504-01-OE05 Análise estatística sobre o excursionismo procedente de Asturias, León e Zamora : en curso	100	100
3504-02-OE05 Enquisa de movemento aeroportuario de Galicia : en curso	100	0
3504-03-AE05 Enquisa sobre o turismo en destino de Galicia	100	50
3504-04-AE05 Conxuntura hoteleira en Galicia: análise da demanda, ocupación e rendibilidade empresarial	100	100

Consellería de Sanidade	Execución	Calendario
1204-01-OE05 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño : en curso	100	100
2101-03-OE05 Táboas de mortalidade : en curso	100	100
2201-01-OE05 Explotación do Rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo : en cumprimento	100	0
2202-01-OE05 Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica : en curso	100	100
2204-01-OE05 Explotación do Rexistro galego da sida : en cumprimento	100	100
2204-02-OE05 Explotación do Rexistro galego de tuberculose : en curso	100	0
2204-03-AE05 Enfermidades de declaración obrigatoria	100	100
2205-01-OE05 Análise da mortalidade : en cumprimento	100	0
2206-01-OE05 Admisións a tratamento por consumo de substancias psicoactivas : en cumprimento	100	100
2206-02-OE05 Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas : en cumprimento	100	0
4105-01-OE05 Situación das TIC nos centros sanitarios : en curso	100	100

Consellería de Política Social	Execución	Calendario
2102-01-OE05 Estatística de familias numerosas : en curso	100	100
2503-01-OE05 Estatística sobre persoas beneficiarias da Risga e das axudas de inclusión social : en curso	100	100
2506-02-OE05 Estatística de protección de menores : en curso	100	100
2506-03-OE05 Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais : en curso	100	100
2507-01-OE05 Explotación do censo de persoas con discapacidade : en curso	100	100



2511-03-AE05 Estatística de execución de medidas xudiciais impostas a menores	100	100
---	-----	-----

Consellería do Medio Rural	Execución	Calendario
3101-01-OE05 Superficies agrícolas : en curso	100	100
3102-01-OE05 Explotación do Rexistro de gando bovino : en curso	100	100
3102-02-OE05 Explotación do Rexistro de ovino e cabrún : en curso	100	75
3102-03-OE05 Sector porcino industrial : en cumprimento	100	50
3103-01-OE05 Explotación do Rexistro de Maquinaria Agrícola : en curso	100	0
3104-01-AE05 Rendementos de cultivos	100	0
3105-01-OE05 Estatística de sacrificio de gando en matadoiros : en cumprimento	100	0
3107-02-OE05 Explotación do Rexistro vitícola : en curso	100	0
3107-03-AE05 Explotación do Rexistro de Avicultura	100	0
3301-01-AE05 Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas	93	0
3702-01-OE05 Prezos da terra : en cumprimento	90	0
3702-02-OE05 Explotación do Rexistro sobre prezos declarados polos compradores de leite : en curso	100	100
3702-04-OE05 Prezos agrarios : en cumprimento	90	0
9101-01-AE05 Incendios forestais	100	0
9999-01-OE05 Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural : en curso	98	-
9999-02-AE05 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural	90	-

Consellería do Mar	Execución	Calendario
3201-01-OE05 Explotación do Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma : en curso	100	100
3203-01-OE05 Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos : en curso	100	100
3204-01-AE05 Estatística de permisos de marisqueo a pé	100	100
3204-02-AE05 Estatística de produción da acuicultura mariña	100	100
3205-01-OE05 Enquisa de ocupación na pesca : en curso	100	100

Instituto Galego de Estatística	Execución	Calendario
0004-01-AE05 Panorama rural e urbano	100	-
0004-02-AE05 Panorama dos sete grandes concellos	100	100
2101-01-OE05 Indicadores demográficos : en curso	100	100
2101-02-OE05 Cifras poboacionais de referencia : en curso	100	100
2101-03-OE05 Táboas de mortalidade : en curso	100	100
2101-04-AE05 Explotación do movemento natural da poboación	100	100
2101-05-AE05 Explotación dos movementos migratorios	100	100
2101-06-AE05 Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes	100	100
2101-09-AE05 Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia	100	100
2102-02-OE05 Enquisa estrutural a fogares (EEF) : en curso	100	100
2103-01-OE05 Proxeccións de fogares : en curso	100	100
2104-01-OE05 Proxeccións de poboación a curto prazo : en curso	100	100
2201-02-AE05 Información estatística do sistema sanitario galego	100	100
2401-03-OE05 Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA) : en cumprimento	100	100
2401-06-AE05 Información do mercado laboral rexistrado	100	100
2401-07-AE05 Explotación da mostra continua de vidas laborais	100	100
2401-08-AE05 EPA. Estatística de fluxos da poboación activa	100	100



2401-10-OE05 Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada : en curso	100	100
2401-11-AE05 EPA. Variables de submostra	100	100
2401-12-AE05 Emprego na Seguridade Social e Mutualidades	100	100
2401-14-AE05 EPA. Módulo sobre a actividade por conta propia	100	100
2403-01-AE05 Estudo sobre salarios	100	100
2403-02-AE05 EPA. Decil de salarios do emprego principal	100	100
2501-01-OE05 Enquisa conxuntural a fogares : en curso	100	100
2502-01-OE05 Indicadores de cohesión social : en curso	100	-
2503-02-AE05 Pensións e outras prestacións	100	100
2503-03-OE05 Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista : en curso	100	100
2505-01-AE05 EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica	100	100
2506-01-OE05 Sistema de indicadores de lonxevidade : en curso	100	-
2506-04-AE05 EEf. Módulo sobre a poboación dependente	100	100
2506-05-AE05 EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil	100	100
2509-01-AE05 EEf. Módulo de coidado de menores	100	100
2701-01-AE05 Accesibilidade á vivenda	100	100
3301-02-AE05 Actividade industrial en Galicia	100	100
3302-01-AE05 Explotación do índice de produción industrial	100	100
3401-01-AE05 Seguimento e análise da construción	100	100
3401-02-OE05 Estatística de construción de edificios : en cumprimento	100	100
3501-01-OE05 Indicadores de actividade e de VEB do sector servizos : en curso	100	100
3504-05-AE05 Indicador da intensidade da demanda turística	100	100
3602-01-AE05 Explotación estatística da información tributaria	100	-
3701-01-AE05 Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario	100	100
3703-01-OE05 Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario : en curso	100	100
3704-01-AE05 Informe das variacións do índice de prezos de consumo	100	100
3705-01-OE05 Índices de competitividade : en curso	100	100
3801-01-OE05 Explotación do directorio de empresas e unidades locais : en curso	100	100
3801-02-OE05 Contas das sociedades mercantís de Galicia : en curso	100	100
3801-03-OE05 Explotación do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil : en curso	100	100
3801-04-OE05 Indicadores de multilocalización empresarial : en curso	100	100
3801-06-AE05 Indicadores de demografía empresarial	100	100
3901-02-AE05 Banco de series de conxuntura	100	-
3902-01-OE05 Contas económicas anuais : en reestruturación	100	-
3902-02-OE05 Contas económicas trimestrais : en reestruturación	100	-
3902-03-OE05 Produto interior bruto municipal : en curso	100	100
3902-04-AE05 Renda municipal dos fogares	100	100
3902-05-AE05 Contas do sector fogares	100	100
3903-01-OE05 Marco input-output : en curso	100	-
4201-01-AE05 Indicadores de innovación	100	100
4204-01-AE05 Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía	100	100
8000-01-OE05 Indicadores de xénero : en curso	100	-
9999-01-OE05 Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural : en curso	98	-
9999-02-AE05 Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural	90	-
9999-03-AE05 Indicadores de contexto do Plan estratéxico	100	-





Anexo 3. Análise por actividades

0004-01-AE05 Panorama rural e urbano

Programa estatístico anual

Difundirase na internet en varias datas segundo o permitan as fontes

Execución

Traballos executados: difundiron os resultados programados

Grao de execución: 100 %

0004-02-AE05 Panorama dos sete grandes concellos

Programa estatístico anual

O ano 2017 difundirase na internet en abril de 2018

Execución

Traballos executados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 100 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Poboación segundo o sexo	4 meses

1101-01-OE05 Estado do planeamento urbanístico dos concellos

Estado

En curso

Programa estatístico anual

O ano 2017 difundirase na internet en febreiro do 2018

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	20 de 20
Elaboración das táboas	70 de 70
Difusión dos resultados: difundiron os anos 2016 e 2017 en marzo de 2019	10 de 10

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 0 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Concellos segundo a situación do seu planeamento	21 meses



1101-02-OE05 Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio

Estado

En curso

Programa estatístico anual

Difundiranse na internet en varias datas a medida que o permitan as fontes

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	45 de 50
Elaboración das táboas	35 de 40
Difusión dos resultados: difundiron deixando incompletas algunhas series	5 de 10

Grao de execución: 85 %

1102-01-OE05 Contaxe nas estradas competencia da Comunidade Autónoma

Estado

En curso

Programa estatístico anual

O ano 2017 difundirase en papel e na internet en abril de 2018

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	20 de 20
Elaboración das táboas	70 de 70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10 de 10

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 100 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Intensidade media diaria. Galicia	4 meses

1103-01-OE05 Estatística de licenzas de pesca e caza

Estado

En curso

Programa estatístico anual

O ano 2017 difundirase na internet en decembro de 2018

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	20 de 20
Elaboración das táboas	70 de 70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10 de 10

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 100 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Licenzas de caza	12 meses
Licenzas de pesca fluvial	12 meses

Valor medio: 12 meses



1201-01-AE05 Climatoloxía

Programa estatístico anual

O ano 2017 difundirase na internet en febreiro de 2018

Execución

Traballos executados: difundiron os resultados adiantándose ao calendario establecido (en xaneiro)

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 100 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Informe Climatolóxico anual	1 mes

1202-01-AE05 Calidade do aire

Programa estatístico anual

O ano 2016 difundirase na internet en xaneiro de 2018 e o ano 2017 en decembro de 2018

Execución

Traballos executados: difundiron os resultados do 2016 segundo o calendario previsto e os de 2017 en xaneiro de 2019

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 75 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Informe anual de calidade do aire	13 meses

1203-01-OE05 Reservas de auga

Estado

En curso

Programa estatístico anual

Os datos correspondentes a cada luns difundiranse na internet ao día seguinte

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	20 de 20
Elaboración das táboas	70 de 70
Difusión dos resultados: difundiron os resultados segundo o calendario establecido	10 de 10

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 100 %



1204-01-OE05 Sistema de información sobre calidade microbiolóxica das zonas de baño

Estado

En curso

Programa estatístico anual

O ano 2017 difundirase na internet en xuño de 2018

Execución

Fase	Porcentaxe
Preparación e recollida de datos	50 de 50
Elaboración das táboas	40 de 40
Difusión dos resultados: difundiron os resultados adiantándose ao calendario establecido (en maio)	10 de 10

Grao de execución: 100 %

Indicador de puntualidade (calendario): 100 %

Indicador de oportunidade

Dato	Valor
Cualificación das zonas de baño	5 meses

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Mais por desgraza, nestes últimos anos de Goberno de Feijóo a Administración de Xustiza en Galicia sinalou a falta de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa comunidade ten no eido dunha institución tan esencial.

Nestes días, o sindicato UGT-Xustiza ten comunicado o inicio das xestións necesarias para instaurar servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades de A Coruña e Vigo, pois a diario chegan aos xulgados de instrución de garda das dúas cidades multitude de asuntos penais que deberían ser axilizados. Unha xustiza máis áxil garante o acceso á tutela xudicial efectiva.

O acordo do 15 de setembro de 2005, polo que se aprobaba o Regulamento 1/2005, dos aspectos accesorios das actuacións xudiciais, regula expresamente no seu artigo 59.5 que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou máis xulgados de instrución.

O propio Consello Xeral do Poder Xudicial ten emitido informe favorable á prestación do servizo 24 horas de garda nas cidades de Murcia, Granada, Las Palmas ou, no pasado mes de marzo, Córdoba (con 342.806 habitantes en 2018, tendo A Coruña, 378.467 e Vigo, 337.735). De feito, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas son os de A Coruña e Vigo.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Considera o Goberno da Xunta de Galicia que unha xustiza máis áxil garante o acceso ao dereito fundamental á tutela xudicial efectiva?
2. Concorde o Goberno en que son precisos servizos de garda 24 horas na xurisdición penal para as cidades de A Coruña e Vigo, os únicos partidos xudiciais en España con máis de 8 xulgados de instrución pero sen gardas de 24 horas ?
3. Vai emitir informe favorable o Goberno, a través da Comisión Mixta, para que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia propoña que o servizo de garda nos xulgados de instrución de A Coruña e de Vigo se pase a prestar cun período de 24 horas?
4. Vai dotar o Goberno a eses xulgados de instrución de A Coruña e de Vigo dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios?

Pazo do Parlamento, 27 de xuño de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2019 16:12:02

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 27/06/2019 16:12:14

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/06/2019 16:12:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

No ano 2003, Galicia era a segunda Comunidade en España en ditar unha lei que estendese o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, a Lei 10/2003, do 26 de decembro. Pasados case 16 anos, esta lei precisa reformas:

1. O obxecto que esta lei describe (recoñecer e garantir, dentro da Comunidade, a toda persoa, que como consecuencia da súa discapacidade teña que ir acompañada dun can de asistencia, o seu dereito a acceder, deambular e permanecer con ese can en calquera lugar, público ou privado) está xa obsoleto. Así, na recente lei da Comunidade de Castela e León, o dereito de acceso garántese tamén para outras persoas que precisen da utilización dun can de asistencia para promover a súa autonomía persoal e amplíase o dereito de acceso a outros ámbitos, singularmente o laboral e os espazos privados de uso colectivo.

2. Contémplanse dous tipos de cans de asistencia, o can guía e o can de servizo para persoas con discapacidade física, incluíndo unha habilitación para que por vía regulamentaria se puidesen establecer as condicións e requisitos para o recoñecemento e suspensión desta condición ao animal e o deseño do distintivo oficial, así como para determinar a especialización dos adestradores e os requisitos que deberán cumprir os centros de adestramento para obter a homologación correspondente. Non obstante e malia que se daba un prazo dun ano dende a entrada en vigor, a lei non tivo desenvolvemento regulamentario, polo que non existe en Galicia procedemento de acreditación, rexistro nin identificación oficial dos cans de asistencia.

3. Non se regula a posible identificación do can en formación para a asistencia que, a instancia da entidade de adestramento, podería ter un distintivo de identificación oficial coa fin de posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento. Tampouco recoñece aos cans guía acreditados como tales á entrada en vigor da lei, que deberían ser recoñecidos de oficio como unidades de vinculación dende aquela data.

4. A lei só prevé a promoción pola Xunta de Galicia de campañas informativas,



divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas á poboación en xeral, pero non di nada de promover ese tipo de campañas para os centros de ensino ou sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos.

5. Por último, non se ten en conta a existencia de cans procedentes de fóra de Galicia nin a figura de “cans de asistencia xubilados”, como fai a recente lei da Comunidade de Castela e León.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai reformar o Goberno galego a Lei 10/2003, do 26 de decembro, sobre o dereito de acceso ao entorno das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia? Cando?
2. Cando ten previsto o Goberno ditar disposicións de desenvolvemento de dita lei?
3. Vai abrir o Goberno un procedemento participativo de cara a ese desenvolvemento? Cando?
4. Pensa o Goberno que a lei debería posibilitar o exercicio do dereito de acceso ao entorno polas persoas adestradoras e educadoras de cachorros acompañados por estes cans durante o seu adestramento?
5. Pensa o Goberno recoñecer de oficio como unidades de vinculación aos cans guía acreditados como tales á entrada en vigor da lei en 2003?
6. Pensa o Goberno ter en conta a existencia de cans procedentes de fóra de Galicia e a figura de “cans de asistencia xubilados”?
7. Vai promover o Goberno campañas informativas, divulgativas e educativas relacionadas cos beneficios, dereitos e obrigas no uso de cans de asistencia dirixidas especialmente aos centros de ensino e a sectores como hostalería, comercio, transporte e servizos públicos?
8. Ten intención o Goberno de potenciar o Comité Consultivo para a Protección Animal, regulado na lei 4/2017, do 3 de outubro, de Protección e Benestar dos Animais de Compañía en Galicia, como órgano de consulta e asesoramento con relación aos cans de asistencia?

Pazo do Parlamento, 13 de xuño de 2019





Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 27/06/2019 16:08:02

Noela Blanco Rodríguez na data 27/06/2019 16:08:12

Julio Torrado Quintela na data 27/06/2019 16:08:21

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/06/2019 16:08:33

María Luisa Pierres López na data 27/06/2019 16:08:43



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Fundación Fomento de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada (FOESSA), acaba de publicar o VIII Informe sobre Exclusión y Desarrollo Social en España. No dito informe ponse de manifesto que vivimos nun momento de “clara mutación social”, no que as fendas que se están a producir na desigualdade, así como a xestión insolidaria feita da crise favoreceron o individualismo reactivo e xenófobo que están hipotecando o noso futuro; é dicir, na actualidade a exclusión social e a desigualdade poden estar sendo naturalizadas na súa comprensión social, pasando de ser lacras a combater a converterse en feitos que aceptar.

A mellora da economía ten impactado positivamente na evolución da exclusión social global en España, pero deixando a precariedade como característica principal: baixa calidade no emprego (traballadores pobres) e alto custo da vivenda. A integración social comeza a mostrar fracturas entre aqueles fogares que viven ben e aqueles que teñen esgotadas as súas reservas que, polo tanto, presentan situacións de vulnerabilidade que, ante calquera incidencia adversa, serán os primeiros en caer en situacións de pobreza e de exclusión social.

No estudo por CC.AA temos que a porcentaxe de poboación galega en exclusión en Galicia é dun 9,1 % en exclusión moderada e dun 8,4 % en exclusión severa, colocándonos na posición 10ª, nunha situación algo mellor respecto do conxunto do Estado (9,6 % e 8,8 % respectivamente); o que supón que o 17,5 % da poboación galega, 472.805 persoas, en 2018 se atopaba nunha situación de exclusión social moderada ou severa.

No mesmo informe, temos que o índice de Gini para Galicia é do 0,7446, situándonos no número 4 empezando pola cola de todas as CC.AA, tendo en conta que o índice de Gini é un indicador que se emprega para medir o nivel de desigualdade entre os habitantes dun territorio, no que o valor 0 fai referencia á igualdade plena e o valor 1 fai referencia a desigualdade plena.

Á vista destes datos ás deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Que medidas económicas vai aplicar o Goberno galego para axudar a saír da situación de exclusión social ao 17,5 % da poboación galega que se encontra nesta situación?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2019 17:53:08

Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2019 17:53:29

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/06/2019 17:53:43



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O 7 de febreiro de 2019 a Consellería de Cultura e Turismo publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais cunha dotación orzamentaria de 500.000 €.

O obxecto destas axudas é *“dotar dos medios necesarios para que as entidades locais comprometidas coa acción cultural poidan executar os seus programas culturais, así como contar coas oportunas infraestruturas que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo público que prestan á cidadanía”*.

No Diario Oficial de Galicia do 26 de xuño publicouse a Resolución do 13 de xuño de 2019 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Cales son os beneficios que persegue o Goberno galego coa concesión destas axudas priorizando as presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2019 17:54:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/06/2019 17:54:51





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 18:00:48
Nº Rexistro: 51959
Data envío: 26/06/2019 18:00:48.885

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/06/2019 17:55:03

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Os datos tanto do CIS como os que manexan os propios colexios farmacéuticos ou entidades sociais que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade, reflexan que a pobreza farmacéutica forma parte dunha realidade no noso país que afecta cada vez a máis persoas.

Políticas como as do copago farmacéutico, non fixeron máis que incrementar esta realidade, que lonxe de intentar ser atallada polo Goberno, depende máis de iniciativas privadas como a do Banco Farmacéutico de Galicia, que constituíuse o ano pasado e como fundación de interese galego para intentar dar resposta a esta problema.

Segundo datos que expoñía o Banco Farmacéutico, no ano 2017 a taxa de risco de pobreza e exclusión social era do 25%, cifras moi similares aos peores anos da crise, o que nos da unha mostra de que a suposta recuperación económica no tivo incidencia na redución da pobreza. Máis de 100.000 persoas en Galicia atópanse en situación de pobreza severa, unha situación na que as persoas afectadas non poden tratar correctamente a súa enfermidade, tendo que renunciar ao coidado da saúde por temas económicos.

Unha Administración responsable debe ter un control na adherencia terapéutica da poboación, xa que trae consecuencias moi negativas como o aumento da morbilidade e mortalidade, ademais de poñer implantar as medidas necesarias para que ningunha persoa teña que renunciar á súa saúde por motivos índole económica.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte
Pregunta:

- Ten pensado o Goberno implantar algunha medida de control na poboación sobre a adherencia terapéutica, prestando especial atención á falta de adherencia por cuestións de pobreza?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/06/2019 18:23:50





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre o incremento dos prezos do alugueiro nas zonas de proliferación de pisos turísticos.

O incremento de pisos turísticos volve demostrar que a Xunta de Galicia non é quen de xestionar o panorama inmobiliario galego.

Os pisos turísticos aumentaron un 17% nos primeiros seis meses de 2019 e un 90% con respecto aos datos de febreiro do ano pasado, sumando un total de 8.763. Sanxenxo continúa liderando a oferta deste tipo de aloxamentos con 1.629. No segundo e no terceiro posto atopamos a Santiago (569) e Vigo (310). Un pouco por detrás está A Coruña (296).

Sanxenxo tamén está á cabeza de prazas nos pisos turísticos, como é lóxico. Suma 8.171, desafiando así o número de prazas hoteleiras (8.907). A bastante distancia, temos a Santiago (2.716), A Coruña (1.365) e Vigo (1.132).

Atendendo ás porcentaxes, o aluguer turístico aumentou un 32% en Vigo, un 31% en Ourense, un 27% en Lugo, un 17% en Santiago de Compostela e Vilagarcía e un 15% na Coruña, por citar só unhas cantas das vilas e cidades afectadas polo cambio do paradigma turístico.

No conxunto do territorio, hai 25.367 cuartos dispoñibles nos pisos turísticos e un total de 44.364 prazas. As prazas hoteleiras son 67.000, polo que a magnitude da ameaza para o sector do aloxamento tradicional.



Segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein), o incremento de pisos turísticos é unha das principais razóns que explican o aumento dos prezos dos alugueres. Os datos que manexa o Observatorio da Vivenda da Xunta –elaborados a partir de case 30.000 contratos de vivenda– son claros ao respecto. Dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31% na Coruña, un 27% en Vigo, un 15,3% en Santiago e un 21,5% en Pontevedra. O aumento do prezo dos alugueres camiña paralelo ao aumento do número de pisos turísticos.

Ao mesmo tempo que isto acontece, sube tamén o prezo dos inmobles que están á venda. O Ministerio de Fomento vén de publicar os datos ao respecto do pasado trimestre e asemella que unha nova burbulla volve asomar no horizonte. Levamos xa catro anos de ascensos continuados.

Na cidade da Coruña, o prezo medio do metro cadrado é de máis de 1.600 euros. Durante o último ano, experimentou un ascenso do 6%, ao igual que outras cidades do eixo atlántico como Compostela, Vigo e Oleiros. En Compostela, o prezo do metro cadrado achégase tamén aos 1.600; Vigo está preto dos 1.500 e Oleiros supera os 1.300.

As dúas localidades que sufriron unha maior subida do prezo son Ourense (13%) e Culleredo (11%), cuxos prezos superan os 1.200 euros por metro cadrado.

A situación é aínda máis preocupante se o que temos en conta son os prezos da vivenda nova. O prezo da vivenda nova na cidade da Coruña subiu un 8,5% e na cidade de Vigo un 16,5%.





Así as cousas, a cidadanía afronta cada vez maiores problemas para acceder a vivenda, tanto se opta polo aluguer como se prefire a compra, sen que a Xunta de Galicia faga nada para atopar solucións.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

- Que vai facer para evitar que os pisos turísticos afoguen o mercado do alugueiro tradicional?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:00:17





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Pleno**, sobre o peche da planta de Poligal en Narón.

O pasado 22 de febreiro o conselleiro delegado de Poligal Packaging Narón, dedicada á fabricación de plásticos para a industria alimentaria e a laminación, comunicaba que a compañía viña de solicitar concurso voluntario de acredores. Pasados os meses, as administracións competentes, tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Industria, non mediaron para evitar o despedimento das 112 persoas que traballan na empresa. 112 postos de traballo pendentes dun ERE extintivo que remataba o período de consultas o pasado 8 de xuño.

O comité de empresa de Poligal e os propietarios, o grupo Prelada, mantiveron o pasado 27 de marzo unha reunión no Ministerio de Industria, mais, tal e como relatan os traballadores, o Goberno central non volveu dar mostras de interese sobre a súa situación.

Cómpre lembrar que Poligal foi unha empresa receptora de subvencións e obxecto dos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra o que lle permitiu recibir importantes axudas que non foron destinadas a garantir a continuidade da empresa.

Ante esta situación, a deputada asinante presenta a seguinte pregunta:

- Que medidas puxo en marcha o Goberno galego para impedir o peche da empresa?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019.





Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:24:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do goberno galego das súas relacións cos exdirectivos de Pemex investigados por corrupción.

Novamente Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse xa non só o resultado das promesas incumpridas do goberno e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo do naval galego, senón pola presunta implicación en casos de corrupción de exdirectivos desta empresa.

Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois e despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno de Feijóo debe dar explicacións sobre a corruptela de Pemex como afecta a Galiza a situación xerada ao facerse público que directivos de Pemex bendicidos polo goberno Feijóo están a ser investigados por corrupción. Urxen explicacións das súas relacións con Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo. Ademais, o Presidente de México López Obrador vén de anunciar que se van revisar os contratos da petroleira con Galiza por considerar que non había un trato xusto para Pemex. Esta situación certifica que a operación de venda a capital foráneo do asteleiro vigués ten máis sombras que luces e ademais ten un impacto negativo sobre a imaxe do naval galego.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten o goberno galego algunha responsabilidade que depurar pola situación de Pemex?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2019 17:06:54

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2019 17:20:47

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2019 17:20:54

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2019 17:21:02

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2019 17:21:11

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2019 17:21:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do goberno galego das súas relacións cos exdirectivos de Pemex investigados por corrupción.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola preocupación xerada por como afecta a Galiza a investigación por corrupción de directivos de Pemex.

Exposición de motivos

Novamente Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse xa non só o resultado das promesas incumpridas do goberno e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo do naval galego, senón pola presunta implicación en casos de corrupción de exdirectivos desta empresa.

Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que acabou por confirmarse só varios meses despois e despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

O goberno de Feijóo debe dar explicacións sobre a corruptela de Pemex e como afecta a Galiza a situación xerada ao facerse público que directivos de Pemex bendicidos polo goberno Feijóo están a ser investigados por corrupción. Urxen explicacións das súas relacións con Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo. Ademais, o Presidente de México López Obrador vén de anunciar que se van revisar os contratos da petroleira con Galiza por considerar que non había un trato xusto para Pemex. Esta situación certifica que a operación de venda a capital foráneo do estaleiro vigués ten máis sombras que luces e ademais ten un impacto negativo sobre a imaxe do naval galego.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través das deputadas e deputados asinantes, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ante o Pleno, polo trámite de urxencia:

Como valora a Xunta de Galiza a situación de corrupción con conexións galegas destapada en Pemex?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 01/07/2019 14:05:50





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 01/07/2019 14:05:57

María Montserrat Prado Cores na data 01/07/2019 14:06:02

Olalla Rodil Fernández na data 01/07/2019 14:06:10

Xose Luis Rivas Cruz na data 01/07/2019 14:06:19

Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2019 14:06:26





Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.**

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola recente licitación dun acordo marco para prestación de servizos sanitarios na área de xestión sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte.

Polo anteriormente sinalado o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en pleno:

- Ata cando ten pensando o Goberno seguir privatizando servizos sanitarios?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.





Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 01/07/2019 17:03:32



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta urxente oral en Pleno**.

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada ante a chegada do tempo cálido e posible agravamento da situación.

Dende o pasado mes de novembro o Río Umia amosa a presenza do alga microcistys, que ademais de tinguir o auga de verde pode derivar na presenza da toxina microcistina, que produciría graves problemas de saúde pública como se ten advertido en numerosas ocasións por diferentes expertos. Ante esta situación, que se repite cada ano e que alerta e preocupa aos veciños e veciñas dos concellos da contorna, que utilizan o auga do río para uso cotiá, a actuación da Xunta de Galicia limítase a evitar asumir a situación e a tratar de botar balóns fóra.

O Goberno galego aprobou hai tempo o Decreto de creación do Observatorio Autonómico dos Ríos de Galicia. Segundo o propio Goberno, o Observatorio vai funcionar en Pleno e en grupos de traballo, pleno que se xuntará unha vez ao ano en sesión ordinaria, sen prexuízo doutras reunións e sesións extraordinarias cando así o acorde a Presidencia. Aínda que creación dun Observatorio dos Ríos podería ter sido un avance na avaliación sobre a calidade ambiental dos recursos hídricos, lamentablemente a realidade non é esa, pois a disposición da Xunta de Galicia a responder antes as demandas existentes, especialmente do Concello de Caldas, é practicamente nula. Esta situación repítese durante anos, mentres o Concello de Caldas debe asumir o custe extra para manter a depuración necesaria para o auga que provén do Umia.

Polo exposto, o deputado asinante formula a seguinte pregunta:



Que medidas ten previsto tomar a Xunta de Galicia ante a situación xerada no encoro da Baxe a partir da presenza da alga cicrocistys?

Pazo do Parlamento, 01 de xullo de 2019

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Patricia Vilán Lorenzo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 01/07/2019 17:04:52

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/07/2019 17:05:10



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Marián García Míguez, Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Moisés Rodríguez Pérez, Moisés Blanco Paradelo, María Antón Vilasánchez, Sandra Vázquez Domínguez e Cristina Romero Fernández, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta oral Pleno polo **procedemento de urxencia**.

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que a Xunta explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Exposición de Motivos:

Nestes días recolleuse na prensa a noticia de que o Ministerio para a Transición Ecolóxica rexeita a petición reiterada do Grupo PSA de enganche do polígono de Balaídos á rede de 200 kilovoltios que atravesará Porriño para mellorar a fiabilidade do servizo de subministración eléctrica e abaratar o custo da factura eléctrica, colocándose na mesma condición que outras fábricas da multinacional francesa no Estado, como Zaragoza.

O proxecto, cun investimento aproximado de 70 millóns de euros, está incluído na planificación vixente 2015-2020 de Rede Eléctrica de España para desenvolver novas infraestruturas da rede de transporte, contando co respaldo da Xunta de Galicia.

Trátase dun documento que foi sometido ao Congreso dos Deputados e aprobado por acordo do Consello de Ministros do Goberno de Mariano Rajoy. Sen embargo, o actual equipo da Secretaría de Estado de





Enerxía, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, segue sen aprobar a declaración de excepcionalidade por parte do Goberno central que resulta necesaria para autorizar esta actuación.

Trátase, polo tanto, dunha decisión do Goberno socialista que volve ir en contra do desenvolvemento e o emprego industrial na comunidade galega, xa que a planta de PSA en Balaídos é actualmente a única gran fábrica española de coches sen enganche a 220 ou 400 kilovoltios.

Para entender o impacto desta desafortunada decisión cómpre recordar que o sector da automoción xera 22.300 empregos directos en Galicia, a maior cifra dos últimos dez anos, e que esta cifra supón ao redor do 13% da nosa ocupación industrial. Unha evolución positiva dun sector estratéxico para o presente e o futuro do galegos e das galegas, que está estreitamente relacionado aos novos proxectos e ao crecemento da produción conseguidos pola planta de Balaídos do Grupo PSA, co respaldo do Goberno galego.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que está a facer a Xunta de Galicia ante o goberno central para que rectifique a súa decisión de privar ao polígono de Balaídos de enganche á rede de 200 kilovoltios?

Santiago de Compostela a 1 de xullo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 01/07/2019 17:36:16

María Ángeles Garcia Míguez na data 01/07/2019 17:36:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/07/2019 17:52:29
Nº Rexistro: 52122
Data envío: 01/07/2019 17:52:29.174

Marta Novoa Iglesias na data 01/07/2019 17:37:54

Moisés Blanco Paradelo na data 01/07/2019 17:38:21

Moisés Rodríguez Pérez na data 01/07/2019 17:39:12

Maria Antón Vilasánchez na data 01/07/2019 17:39:35

Sandra Vázquez Domínguez na data 01/07/2019 17:40:01

Cristina Isabel Romero Fernández na data 01/07/2019 17:40:36

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 01/07/2019 17:41:43

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas, voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, dirixida ao **Presidente da Xunta**, para a súa resposta **oral** no **Pleno** da Cámara.

PREGUNTA AO PRESIDENTE

- Sr. Presidente, que vai facer para combater a desigualdade económica e social en Galicia ?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 01/07/2019 17:55:30





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral en Pleno**.

PREGUNTA AO PRESIDENTE:

Como avalía as políticas do seu goberno para frear o grave declive demográfico de Galiza?

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 01/07/2019 18:15:29



Á Mesa do Parlamento

Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno, dirixida ao Sr. presidente da Xunta de Galicia.

Sr. presidente, considera que as novas iniciativas van permitir afrontar os problemas demográficos de Galicia?

Pazo do Parlamento, 01 de xullo de 2019

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 01/07/2019 17:01:55



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A Fundación Fomento de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada (FOESSA), acaba de publicar o VIII Informe sobre Exclusión y Desarrollo Social en España. No dito informe ponse de manifesto que vivimos nun momento de “clara mutación social”, no que as fendas que se están a producir na desigualdade, así como a xestión insolidaria feita da crise favoreceron o individualismo reactivo e xenófobo que están hipotecando o noso futuro; é dicir, na actualidade a exclusión social e a desigualdade poden estar sendo naturalizadas na súa comprensión social, pasando de ser lacras a combater a converterse en feitos que aceptar.

A mellora da economía ten impactado positivamente na evolución da exclusión social global en España, pero deixando a precariedade como característica principal: baixa calidade no emprego (traballadores pobres) e alto custo da vivenda. A integración social comeza a mostrar fracturas entre aqueles fogares que viven ben e aqueles que teñen esgotadas as súas reservas que, polo tanto, presentan situacións de vulnerabilidade que, ante calquera incidencia adversa, serán os primeiros en caer en situacións de pobreza e de exclusión social.

No estudo por CC.AA temos que a porcentaxe de poboación galega en exclusión en Galicia é dun 9,1 % en exclusión moderada e dun 8,4 % en exclusión severa, colocándonos na posición 10ª, nunha situación algo mellor respecto do conxunto do Estado (9,6 % e 8,8 % respectivamente); o que supón que o 17,5 % da poboación galega, 472.805 persoas, en 2018 se atopaba nunha situación de exclusión social moderada ou severa.

No mesmo informe, temos que o índice de Gini para Galicia é do 0,7446, situándonos no número 4 empezando pola cola de todas as CC.AA, tendo en conta que o índice de Gini é un indicador que se emprega para medir o nivel de desigualdade entre os habitantes dun territorio, no que o valor 0 fai referencia á igualdade plena e o valor 1 fai referencia a desigualdade plena.

Á vista destes datos ás deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:



Que medidas económicas vai aplicar a Xunta de Galicia para axudar a saír da situación de exclusión social ao 17,5 % da poboación galega que se encontra nesta situación?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2019 17:50:42

Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2019 17:51:03

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/06/2019 17:51:16



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

O 7 de febreiro de 2019 a Consellería de Cultura e Turismo publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais cunha dotación orzamentaria de 500.000 €.

O obxecto destas axudas é *“dotar dos medios necesarios para que as entidades locais comprometidas coa acción cultural poidan executar os seus programas culturais, así como contar coas oportunas infraestruturas que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo público que prestan á cidadanía”*.

No Diario Oficial de Galicia do 26 de xuño publicouse a Resolución do 13 de xuño de 2019 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos solicitaron a subvención indicada?

2ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos foron excluídos ou lles foi denegada a subvención, e que causas motivaron a dita exclusión ou denegación da subvención?

3ª) Considera o Goberno galego que os veciños e as veciñas dun concello non agrupado, a efectos desta subvención, ou fusionado teñen máis dereitos que aqueles que viven en concellos que non cumpren este requisito?

4ª) Cales son os beneficios que persegue o Goberno galego coa concesión destas axudas priorizando as presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula?



Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2019 17:51:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/06/2019 17:52:06

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/06/2019 17:52:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.^a**

Os datos tanto do CIS como os que manexan os propios colexios farmacéuticos ou entidades sociais que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade, reflexan que a pobreza farmacéutica forma parte dunha realidade no noso país que afecta cada vez a máis persoas.

Políticas como as do copago farmacéutico, non fixeron máis que incrementar esta realidade, que lonxe de intentar ser atallada polo Goberno, depende máis de iniciativas privadas como a do Banco Farmacéutico de Galicia, que constituíuse o ano pasado e como fundación de interese galego para intentar dar resposta a esta problema.

Segundo datos que expoñía o Banco Farmacéutico, no ano 2017 a taxa de risco de pobreza e exclusión social era do 25%, cifras moi similares aos peores anos da crise, o que nos da unha mostra de que a suposta recuperación económica no tivo incidencia na redución da pobreza. Máis de 100.000 persoas en Galicia atópanse en situación de pobreza severa, unha situación na que as persoas afectadas non poden tratar correctamente a súa enfermidade, tendo que renunciar ao coidado da saúde por temas económicos.

Unha Administración responsable debe ter un control na adherencia terapéutica da poboación, xa que trae consecuencias moi negativas como o aumento da morbilidade e mortalidade, ademais de poñer implantar as medidas necesarias para que ningunha persoa teña que renunciar á súa saúde por motivos índole económica.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte Pregunta:

- Ten realizado o Goberno algún estudio en relación ao control na adherencia terapéutica especialmente por motivos de índole económica?
- Ten pensado o Goberno implantar algunha medida de control na poboación sobre a adherencia terapéutica, prestando especial atención á falta de adherencia por cuestións de pobreza?
- Cales son os datos que manexan en relación a este tema?
- Teñen pensado algunha medida para atallar o problema?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/06/2019 18:24:13





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6.ª**, sobre o incremento dos prezos do alugueiro nas zonas de proliferación de pisos turísticos.

O incremento de pisos turísticos volve demostrar que a Xunta de Galicia non é quen de xestionar o panorama inmobiliario galego.

Os pisos turísticos aumentaron un 17% nos primeiros seis meses de 2019 e un 90% con respecto aos datos de febreiro do ano pasado, sumando un total de 8.763. Sanxenxo continúa liderando a oferta deste tipo de aloxamentos con 1.629. No segundo e no terceiro posto atopamos a Santiago (569) e Vigo (310). Un pouco por detrás está A Coruña (296).

Sanxenxo tamén está á cabeza de prazas nos pisos turísticos, como é lóxico. Suma 8.171, desafiando así o número de prazas hoteleiras (8.907). A bastante distancia, temos a Santiago (2.716), A Coruña (1.365) e Vigo (1.132).

Atendendo ás porcentaxes, o aluguer turístico aumentou un 32% en Vigo, un 31% en Ourense, un 27% en Lugo, un 17% en Santiago de Compostela e Vilagarcía e un 15% na Coruña, por citar só unhas cantas das vilas e cidades afectadas polo cambio do paradigma turístico.

No conxunto do territorio, hai 25.367 cuartos dispoñibles nos pisos turísticos e un total de 44.364 prazas. As prazas hoteleiras son 67.000, polo que a magnitude da ameaza para o sector do aloxamento tradicional.



Segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein), o incremento de pisos turísticos é unha das principais razóns que explican o aumento dos prezos dos alugueres. Os datos que manexa o Observatorio da Vivenda da Xunta –elaborados a partir de case 30.000 contratos de vivenda– son claros ao respecto. Dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31% na Coruña, un 27% en Vigo, un 15,3% en Santiago e un 21,5% en Pontevedra. O aumento do prezo dos alugueres camiña paralelo ao aumento do número de pisos turísticos.

Ao mesmo tempo que isto acontece, sube tamén o prezo dos inmobles que están á venda. O Ministerio de Fomento vén de publicar os datos ao respecto do pasado trimestre e asemella que unha nova burbulla volve asomar no horizonte. Levamos xa catro anos de ascensos continuados.

Na cidade da Coruña, o prezo medio do metro cadrado é de máis de 1.600 euros. Durante o último ano, experimentou un ascenso do 6%, ao igual que outras cidades do eixo atlántico como Compostela, Vigo e Oleiros. En Compostela, o prezo do metro cadrado achégase tamén aos 1.600; Vigo está preto dos 1.500 e Oleiros supera os 1.300.

As dúas localidades que sufriron unha maior subida do prezo son Ourense (13%) e Culleredo (11%), cuxos prezos superan os 1.200 euros por metro cadrado.

A situación é aínda máis preocupante se o que temos en conta son os prezos da vivenda nova. O prezo da vivenda nova na cidade da Coruña subiu un 8,5% e na cidade de Vigo un 16,5%.



Así as cousas, a cidadanía afronta cada vez maiores problemas para acceder a vivenda, tanto se opta polo aluguer como se prefire a compra, sen que a Xunta de Galicia faga nada para atopar solucións.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- Que relación atopa a Xunta de Galicia entre o aumento continuado do número de pisos turísticos e as constantes subidas do alugueiro?
- Que vai facer para evitar que os pisos turísticos afoguen o mercado do alugueiro tradicional?
- Que relación atopa a Xunta de Galicia entre o prezo dos alugueiros e dos inmobles e a migración?
- Pensa que a dificultade para asentar á poboación no territorio está expulsando á nosa xente de Galicia?
- Que vai facer para que isto non continúe pasando?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:



Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:02:47





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 6ª**, sobre o peche da planta de Poligal en Narón.

O pasado 22 de febreiro o conselleiro delegado de Poligal Packaging Narón, dedicada á fabricación de plásticos para a industria alimentaria e a laminación, comunicaba que a compañía viña de solicitar concurso voluntario de acredores. Pasados os meses, as administracións competentes, tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Industria, non mediaron para evitar o despedimento das 112 persoas que traballan na empresa. 112 postos de traballo pendentes dun ERE extintivo que remataba o período de consultas o pasado 8 de xuño.

O comité de empresa de Poligal e os propietarios, o grupo Prelada, mantiveron o pasado 27 de marzo unha reunión no Ministerio de Industria, mais, tal e como relatan os traballadores, o Goberno central non volveu dar mostras de interese sobre a súa situación.

Cómpre lembrar que Poligal foi unha empresa receptora de subvencións e obxecto dos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra o que lle permitiu recibir importantes axudas que non foron destinadas a garantir a continuidade da empresa.

Ante esta situación, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas:

- Que medidas puxo en marcha o Goberno galego para impedir o peche da empresa?
- Mantiveron algún contrato cos propietarios encamiñado a buscar algunha solución?





- Se esa reunión se mantivo, cales foron as conclusións?
- Vanse tomar medidas para paliar a situación industrial da comarca de Ferrolterra?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:24:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do goberno galego das súas relacións cos exdirectivos de Pemex investigados por corrupción.

Novamente Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse xa non só o resultado das promesas incumpridas do goberno e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo do naval galego, senón pola presunta implicación en casos de corrupción de exdirectivos desta empresa.

Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois e despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

O goberno de Feijóo debe dar explicacións sobre a corruptela de Pemex como afecta a Galiza a situación xerada ao facerse público que directivos de Pemex bendicidos polo goberno Feijóo están a ser investigados por corrupción. Urxen explicacións das súas relacións con Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo. Ademais, o Presidente de México López Obrador vén de anunciar que se van revisar os contratos da petroleira con Galiza por considerar que non había un trato xusto para Pemex. Esta situación certifica que a operación de venda a capital foráneo do asteleiro vigués ten máis sombras que luces e ademais ten un impacto negativo sobre a imaxe do naval galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Ten o goberno galego algunha responsabilidade que depurar pola situación de Pemex?
- Cales foron os vínculos do goberno galego con Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten mantido conversas respecto desta situación con responsábeis do goberno mexicano? En que termos?
- Ten valorado o goberno as consecuencias que poden ter para os estaleiros galegos a crise económica da empresa Pemex, as sospeitas de corrupción así como as promesas incumpridas canto a carga de traballo e creación de postos de traballo?
- Como valora o goberno galego o desaxuste entre os anuncios públicos dos seus cargos institucionais e a realidade constatábel anos despois da venda de Barreras a Pemex?
- Que medidas ten previstas o goberno galego para garantir o cumprimento por parte de Pemex das cargas de traballo anteriormente anunciadas? E diante destes casos de corrupción?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2019 17:21:44

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2019 17:22:02

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2019 17:22:08

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2019 17:22:16

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2019 17:22:25

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2019 17:22:38



Á Mesa do Parlamento

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Segundo se desprende de informacións aparecidas nos medios de comunicación, o Goberno local do concello de Arteixo remitiu á Xunta de Galicia unha proposta para que se constrúa unha rotonda na intersección da estrada autonómica AC-552, e polo tanto titularidade da Xunta de Galicia e a estrada provincial DP-0507, titularidade da Deputación Provincial da Coruña, na parroquia de Larín.

Esta proposta, que se fixo pública pouco antes da celebración das eleccións municipais de maio deste ano, trataría de dar resposta ás inxerencias dos veciños polo risco que supón cruzar a estrada nese punto, inxerencia compartida e feita pública polo Grupo Municipal Socialista do Concello de Arteixo.

Este proxecto, de existir, contemplaría a construción dunha rotonda de dous carrís e un novo paso de peóns regulado por un semáforo activado a demanda, co que se conseguiría a redución da velocidade dos vehículos incrementando notablemente a seguridade das persoas.

Por iso, o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

- 1ª) Ten recibido o Goberno galego a petición de creación dunha rotonda e un paso de peóns remitido polo Goberno local do Concello de Arteixo?
- 2ª) De ser o caso, en que consiste ese proxecto?
- 3ª) Considérase viable?
- 4ª) De ser viable, vai a Xunta de Galicia levar a cabo a súa execución?
- 5ª) En que prazos?

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51946
Data envío: 26/06/2019 14:03:16.005

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/06/2019 14:01:47

María Luisa Pierres López na data 26/06/2019 14:02:00



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noela Blanco Rodríguez e Abel Fermín Losada Álvarez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Fundación Fomento de Estudios Sociales y de Sociología Aplicada (FOESSA), acaba de publicar o VIII Informe sobre Exclusión y Desarrollo Social en España. No dito informe ponse de manifesto que vivimos nun momento de “clara mutación social”, no que as fendas que se están a producir na desigualdade, así como a xestión insolidaria feita da crise favoreceron o individualismo reactivo e xenófobo que están hipotecando o noso futuro; é dicir, na actualidade a exclusión social e a desigualdade poden estar sendo naturalizadas na súa comprensión social, pasando de ser lacras a combater a converterse en feitos que aceptar.

A mellora da economía ten impactado positivamente na evolución da exclusión social global en España, pero deixando a precariedade como característica principal: baixa calidade no emprego (traballadores pobres) e alto custo da vivenda. A integración social comeza a mostrar fracturas entre aqueles fogares que viven ben e aqueles que teñen esgotadas as súas reservas que, polo tanto, presentan situacións de vulnerabilidade que, ante calquera incidencia adversa, serán os primeiros en caer en situacións de pobreza e de exclusión social.

No estudo por CC.AA temos que a porcentaxe de poboación galega en exclusión en Galicia é dun 9,1 % en exclusión moderada e dun 8,4 % en exclusión severa, colocándonos na posición 10ª, nunha situación algo mellor respecto do conxunto do Estado (9,6 % e 8,8 % respectivamente); o que supón que o 17,5 % da poboación galega, 472.805 persoas, en 2018 se atopaba nunha situación de exclusión social moderada ou severa.

No mesmo informe, temos que o índice de Gini para Galicia é do 0,7446, situándonos no número 4 empezando pola cola de todas as CC.AA, tendo en conta que o índice de Gini é un indicador que se emprega para medir o nivel de desigualdade entre os habitantes dun territorio, no que o valor 0 fai referencia á igualdade plena e o valor 1 fai referencia a desigualdade plena.

Á vista destes datos ás deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:



Que medidas económicas vai aplicar a Xunta de Galicia para axudar a saír da situación de exclusión social ao 17,5 % da poboación galega que se encontra nesta situación?

Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2019 17:56:23

Noela Blanco Rodríguez na data 26/06/2019 17:56:44

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/06/2019 17:56:56



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputado pertencente ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

O 7 de febreiro de 2019 a Consellería de Cultura e Turismo publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 20 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións a entidades locais de Galicia para o equipamento e mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais cunha dotación orzamentaria de 500.000 €.

O obxecto destas axudas é *“dotar dos medios necesarios para que as entidades locais comprometidas coa acción cultural poidan executar os seus programas culturais, así como contar coas oportunas infraestruturas que lles permitan a adecuada realización das actividades culturais que promovan, garantindo o servizo público que prestan á cidadanía”*.

No Diario Oficial de Galicia do 26 de xuño publicouse a Resolución do 13 de xuño de 2019 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos solicitaron a subvención indicada?

2ª) Que concellos, entidades públicas ou agrupacións de concellos foron excluídos ou lles foi denegada a subvención, e que causas motivaron a dita exclusión ou denegación da subvención?

3ª) Considera o Goberno galego que os veciños e as veciñas dun concello non agrupado, a efectos desta subvención, ou fusionado teñen máis dereitos que aqueles que viven en concellos que non cumpren este requisito?

4ª) Cales son os beneficios que persegue o Goberno galego coa concesión destas axudas priorizando as presentadas conxuntamente por máis dunha entidade local baixo calquera fórmula?





Pazo do Parlamento, 26 de xuño de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/06/2019 17:57:33

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/06/2019 17:57:59

Maria de la Concepción Burgo López na data 26/06/2019 17:58:11



Á Mesa do Parlamento

María Dolores Toja Suárez, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A Autoestrada de Galicia AG-55 é a principal vía de comunicación entre Bergantiños e A Coruña, co que cada día centos de persoas fan uso dela para se achegaren aos seus postos de traballo. Nos últimos meses téñense producido accidentes de tráfico, que están a causar certa inquedanza na comarca, especialmente, xa que a apreciación xeral é que estes se producen con maior frecuencia en torno ao quilómetro 18.

Se tomamos en consideración os datos da *Dirección General de Tráfico*, en canto á última información publicada, entre o quilómetro 15 e o quilómetro 19, tiveron lugar os seguintes accidentes:

No ano 2015 producíronse 4 accidentes, dos cales dous tiveron lugar nese tramo. No ano 2016, producíronse 13 accidentes, dos cales 4 no tramo indicado. E por último, no ano 2017, producíronse 6 accidentes con vítimas, dos cales 3 foron entre o quilómetro 15 e o quilómetro 19.

Á vista destes datos, queda claro que tal e como se percibía na comarca, o tramo comprendido entre o quilómetro 15 e o 19 resulta de certa perigosidade para as persoas usuarias da AG-55. Sería conveniente determinar cales son as causas con obxecto de poder establecer as medidas oportunas que doten de seguridade a autoestrada e eviten esta elevada sinistralidade no tramo quilométrico referenciado.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación á seguinte pregunta:

Vai adoptar o Goberno galego algunha medida para corrixir a elevada sinistralidade que ten lugar entre o quilómetro 15 e o 19 da autoestrada A-55?

Pazo do Parlamento, 25 de xuño de 2019





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 18:16:27
Nº Rexistro: 51967
Data envío: 26/06/2019 18:16:27.527

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 26/06/2019 18:15:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/06/2019 18:15:19

María Luisa Pierres López na data 26/06/2019 18:15:31



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **escrita**.

Os datos tanto do CIS como os que manexan os propios colexios farmacéuticos ou entidades sociais que traballan con persoas en situación de vulnerabilidade, reflexan que a pobreza farmacéutica forma parte dunha realidade no noso país que afecta cada vez a máis persoas.

Políticas como as do copago farmacéutico, non fixeron máis que incrementar esta realidade, que lonxe de intentar ser atallada polo Goberno, depende máis de iniciativas privadas como a do Banco Farmacéutico de Galicia, que constituíuse o ano pasado e como fundación de interese galego para intentar dar resposta a esta problema.

Segundo datos que expoñía o Banco Farmacéutico, no ano 2017 a taxa de risco de pobreza e exclusión social era do 25%, cifras moi similares aos peores anos da crise, o que nos da unha mostra de que a suposta recuperación económica no tivo incidencia na redución da pobreza. Máis de 100.000 persoas en Galicia atópanse en situación de pobreza severa, unha situación na que as persoas afectadas non poden tratar correctamente a súa enfermidade, tendo que renunciar ao coidado da saúde por temas económicos.

Unha Administración responsable debe ter un control na adherencia terapéutica da poboación, xa que trae consecuencias moi negativas como o aumento da morbilidade e mortalidade, ademais de poñer implantar as medidas necesarias para que ningunha persoa teña que renunciar á súa saúde por motivos índole económica.





Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte
Pregunta:

- Ten realizado o Goberno algún estudio en relación ao control na adherencia terapéutica especialmente por motivos de índole económica?
- Ten pensado o Goberno implantar algunha medida de control na poboación sobre a adherencia terapéutica, prestando especial atención á falta de adherencia por cuestións de pobreza?
- Cales son os datos que manexan en relación a este tema?
- Teñen pensado algunha medida para atallar o problema?

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 26/06/2019 18:24:00





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre o incremento dos prezos do alugueiro nas zonas de proliferación de pisos turísticos.

O incremento de pisos turísticos volve demostrar que a Xunta de Galicia non é quen de xestionar o panorama inmobiliario galego.

Os pisos turísticos aumentaron un 17% nos primeiros seis meses de 2019 e un 90% con respecto aos datos de febreiro do ano pasado, sumando un total de 8.763. Sanxenxo continúa liderando a oferta deste tipo de aloxamentos con 1.629. No segundo e no terceiro posto atopamos a Santiago (569) e Vigo (310). Un pouco por detrás está A Coruña (296).

Sanxenxo tamén está á cabeza de prazas nos pisos turísticos, como é lóxico. Suma 8.171, desafiando así o número de prazas hoteleiras (8.907). A bastante distancia, temos a Santiago (2.716), A Coruña (1.365) e Vigo (1.132).

Atendendo ás porcentaxes, o aluguer turístico aumentou un 32% en Vigo, un 31% en Ourense, un 27% en Lugo, un 17% en Santiago de Compostela e Vilagarcía e un 15% na Coruña, por citar só unhas cantas das vilas e cidades afectadas polo cambio do paradigma turístico.

No conxunto do territorio, hai 25.367 cuartos dispoñibles nos pisos turísticos e un total de 44.364 prazas. As prazas hoteleiras son 67.000, polo que a magnitude da ameaza para o sector do aloxamento tradicional.



Segundo a Federación Galega de Empresas Inmobiliarias (Fegein), o incremento de pisos turísticos é unha das principais razóns que explican o aumento dos prezos dos alugueres. Os datos que manexa o Observatorio da Vivenda da Xunta –elaborados a partir de case 30.000 contratos de vivenda– son claros ao respecto. Dende o ano 2016 o importe mensual medio dos contratos creceu un 31% na Coruña, un 27% en Vigo, un 15,3% en Santiago e un 21,5% en Pontevedra. O aumento do prezo dos alugueres camiña paralelo ao aumento do número de pisos turísticos.

Ao mesmo tempo que isto acontece, sube tamén o prezo dos inmobles que están á venda. O Ministerio de Fomento vén de publicar os datos ao respecto do pasado trimestre e asemella que unha nova burbulla volve asomar no horizonte. Levamos xa catro anos de ascensos continuados.

Na cidade da Coruña, o prezo medio do metro cadrado é de máis de 1.600 euros. Durante o último ano, experimentou un ascenso do 6%, ao igual que outras cidades do eixo atlántico como Compostela, Vigo e Oleiros. En Compostela, o prezo do metro cadrado achégase tamén aos 1.600; Vigo está preto dos 1.500 e Oleiros supera os 1.300.

As dúas localidades que sufriron unha maior subida do prezo son Ourense (13%) e Culleredo (11%), cuxos prezos superan os 1.200 euros por metro cadrado.

A situación é aínda máis preocupante se o que temos en conta son os prezos da vivenda nova. O prezo da vivenda nova na cidade da Coruña subiu un 8,5% e na cidade de Vigo un 16,5%.



Así as cousas, a cidadanía afronta cada vez maiores problemas para acceder a vivenda, tanto se opta polo aluguer como se prefire a compra, sen que a Xunta de Galicia faga nada para atopar solucións.

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que relación atopa a Xunta de Galicia entre o aumento continuado do número de pisos turísticos e as constantes subidas do alugueiro?
- Que vai facer para evitar que os pisos turísticos afoguen o mercado do alugueiro tradicional?
- Que relación atopa a Xunta de Galicia entre o prezo dos alugueiros e dos inmobles e a migración?
- Pensa que a dificultade para asentar á poboación no territorio está expulsando á nosa xente de Galicia?
- Que vai facer para que isto non continúe pasando?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:





Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:04:03





Á MESA DO PARLAMENTO

Luca Chao Pérez, deputada pertencente ao Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, sobre o peche da planta de Poligal en Narón.

O pasado 22 de febreiro o conselleiro delegado de Poligal Packaging Narón, dedicada á fabricación de plásticos para a industria alimentaria e a laminación, comunicaba que a compañía viña de solicitar concurso voluntario de acredores. Pasados os meses, as administracións competentes, tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Industria, non mediaron para evitar o despedimento das 112 persoas que traballan na empresa. 112 postos de traballo pendentes dun ERE extintivo que remataba o período de consultas o pasado 8 de xuño.

O comité de empresa de Poligal e os propietarios, o grupo Prelada, mantiveron o pasado 27 de marzo unha reunión no Ministerio de Industria, mais, tal e como relatan os traballadores, o Goberno central non volveu dar mostras de interese sobre a súa situación.

Cómpre lembrar que Poligal foi unha empresa receptora de subvencións e obxecto dos plans de reindustrialización para a comarca de Ferrolterra o que lle permitiu recibir importantes axudas que non foron destinadas a garantir a continuidade da empresa.

Ante esta situación, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas:

- Que medidas puxo en marcha o Goberno galego para impedir o peche da empresa?
- Mantiveron algún contrato cos propietarios encamiñado a buscar algunha solución?





- Se esa reunión se mantivo, cales foron as conclusións?
- Vanse tomar medidas para paliar a situación industrial da comarca de Ferrolterra?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019.

Asdo.: Luca Chao Pérez

Deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 27/06/2019 10:46:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de explicación e valoración por parte do goberno galego das súas relacións cos exdirectivos de Pemex investigados por corrupción.

Novamente Pemex volve estar no punto de mira ao evidenciarse xa non só o resultado das promesas incumpridas do goberno e as dúbidas canto a futuras cargas de traballo do naval galego, senón pola presunta implicación en casos de corrupción de exdirectivos desta empresa.

Cómpre lembrar que a relación do naval galego coa mexicana Pemex se remonta inicialmente a un anuncio pouco antes das eleccións galegas de 2012 e que acabou por confirmarse só varios meses despois e despois de que a propia Pemex negara que o acordo coa Xunta fose definitivo e seguro. Tamén en 2012 a Xunta tiña anunciado a instalación dunha terminal loxística no porto exterior da Coruña que non chegou nunca e máis recentemente o director Xeral de Pemex, José Antonio González Anaya, durante unha visita a Barreras descartou publicamente a construción, polo de agora, dun segundo flotel a diferenza do que xa tiña prometido a empresa, sumándose ao aprazamento da tamén prometida dársena de Punta Langosteira. Nada se sabe, tampouco, doutras promesas ao aire como a construción dun atuneiro ou a de buques





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para pozos petrolíferos ou a da renovación de parte da frota petroleira da empresa mexicana por parte dos estaleiros galegos.

O goberno de Feijóo debe dar explicacións sobre a corruptela de Pemex como afecta a Galiza a situación xerada ao facerse público que directivos de Pemex bendicidos polo goberno Feijóo están a ser investigados por corrupción. Urxen explicacións das súas relacións con Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo. Ademais, o Presidente de México López Obrador vén de anunciar que se van revisar os contratos da petroleira con Galiza por considerar que non había un trato xusto para Pemex. Esta situación certifica que a operación de venda a capital foráneo do asteleiro vigués ten máis sombras que luces e ademais ten un impacto negativo sobre a imaxe do naval galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten o goberno galego algunha responsabilidade que depurar pola situación de Pemex?
- Cales foron os vínculos do goberno galego con Emilio Lozoya, Carlos Roa e José Manuel Carrera Panizzo?
- Ten mantido conversas respecto desta situación con responsábeis do goberno mexicano? En que termos?
- Ten valorado o goberno as consecuencias que poden ter para os estaleiros galegos a crise económica da empresa Pemex, as sospeitas de corrupción así como as promesas incumpridas canto a carga de traballo e creación de postos de traballo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como valora o goberno galego o desaxuste entre os anuncios públicos dos seus cargos institucionais e a realidade constatábel anos despois da venda de Barreras a Pemex?

- Que medidas ten previstas o goberno galego para garantir o cumprimento por parte de Pemex das cargas de traballo anteriormente anunciadas? E diante destes casos de corrupción?

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 27/06/2019 17:24:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2019 17:24:22

María Montserrat Prado Cores na data 27/06/2019 17:24:28

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/06/2019 17:24:37

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2019 17:24:50

Olalla Rodil Fernández na data 27/06/2019 17:25:03





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 45379** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a valoración do Goberno galego en relación coas taxas de persoas galegas maiores e menores de 18 anos que sofren sobrepeso ou obesidade, así como a aplicación do Plan Xermola para diminuír a prevalencia da obesidade na poboación infantil e xuvenil, e as medidas previstas ao respecto durante a X lexislatura”**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A prevalencia de obesidade na nosa Comunidade Autónoma é elevada e os obxectivos da Consellería de Sanidade coinciden coas liñas de acción que sinala a OMS para incluír a perspectiva de saúde dende o comezo da vida: educar para a saúde ás familias e a comunidade así como buscar cambios ambientais que reforcen as estratexias clínicas. Isto tradúcese en priorizar o contorno escolar como espazo saudable, proporcionar recursos e facilitar por medio de normativas os cambios de conduta necesarios para inverter a tendencia actual.

A valoración que facemos e que temos que seguir traballando na prevención da obesidade dende idades temperás.

O plan Xermola aprobouse en 2014, e temos que ter en conta que os resultados en obesidade en canto a reverter a tendencia nunha poboación deben esperarse a medio-longo prazo. Así foi contemplado no deseño de dito Plan, polo que aos catro anos da posta en marcha levouse a cabo unha revisión das actividades realizadas para valorar a súa idoneidade.

No plan de avaliación previsto estaba presente un informe de seguimento aos catro anos da posta en marcha de todas as intervencións definitivas. Como xa se dixo, pasados estes catro anos, redactouse un informe técnico cunha revisión das actividades realizadas e completadas segundo os ámbitos de actuación.



Levaremos a cabo medidas baseadas nas conclusións do Consello Europeo de xuño de 2017 para contribuír a inverter a tendencia actual do sobrepeso e da obesidade infantil.

Medidas como a continuidade e o desenvolvemento de programas integrais e comunitarios de promoción de saúde dende Atención Primaria, formación para os profesionais sanitarios, fomento da participación activa entre diferentes administracións, procura da intersectorialidade a través de diferentes intervencións e priorización da alfabetización en saúde para a nosa poboación están entre as priorizadas para os próximos catro anos.

Tal e como se ven realizando dende o ano 2016, o proxecto Aliméntate ben (Plan Proxecta), que aglutina as iniciativas de diferentes áreas (Sanidade, Educación, Mar, Medio Rural...) xunto con a convocatoria bienal do Congreso Aliméntate ben, así como os programas da Subdirección Xeral para o Deporte (p. ex. plataforma DAFIS), representan a canle óptima para desenvolver os programas de Educación para a Saúde na escola.

Ao abeiro destes programas véñense realizando distintas actividades formativas e informativas para toda a Comunidade educativa, desenvólvense proxectos para todos os niveis educativos e trabállase nunha normativa capaz de regular a oferta alimentaria nos centros educativos en consonancia coas liñas de acción desenvolvidas pola AESAN para todas as CCAA. A continuidade e mellora destas medidas considerase prioritaria para a X lexislatura.

Reforzamos o uso de páxinas e aplicacións baseadas en Internet coa mellora da iniciativa de comunicación On-Line Xente con vida, que está presente en web, blogue, Facebook e Twitter, con información do estribo sobre alimentación saudable e actividade física.
<https://xenteconvida.sergas.es/Paginas/Portada>

E mediante a futura posta en marcha da plataforma web 'Xanela aberta á Familia' do proxecto Interreg RISCAR, con información destinada a apoiar e asesorar aos pais e nais na crianza infantil, onde a alimentación saudable e o fomento da actividade física terán un lugar destacable.

Así mesmo, a cidadanía dispón dun recurso de información sobre: Campañas, conferencias, xornadas, eventos, formación on-line, publicación, cursos presenciais nas diferentes localidades da Comunidade Autónoma entre outra información mediante o acceso á plataforma 'Escola Galega de Saúde para Cidadáns' <https://escolasaude.sergas.es/>.

E tanto a poboación xeral como as persoas profesionais e as empresas e provedores dispoñen





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:15:17
Nº Rexistro: 52019
Data envío: 27/06/2019 17:15:17.064

de información de interese para o mantemento e a procura da saúde na páxina web da Consellería de Sanidade <https://www.sergas.es/Portada>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:15:17
Nº Rexistro: 52019
Data envío: 27/06/2019 17:15:17.064

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2019 17:15:13

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46746** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os datos da Xunta de Galicia referidos á adición ao xogo na mocidade, as medidas desenvolvidas e as actuacións que está a levar a cabo para a súa prevención”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo director xeral de Saúde Pública á pregunta oral número 46747 que tivo lugar na comisión 1ª do 17 de abril de 2019.

Pode consultarse tal resposta no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-1-institucional-administracion-xeral-xustiza-interior-2019-04-17?part=ba24d39d-f894-4a69-b4cc-5fd311cf7e49&start=1835>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:15:09
Nº Rexistro: 52018
Data envío: 27/06/2019 17:15:09.939

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2019 17:15:06

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47307** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“a valoración do Goberno galego referida á incidencia da aplicación do Plan de prevención da obesidade infantil en Galicia ou Plan Xermola, o orzamento destinado para o seu desenvolvemento e as actuacións levadas a cabo en relación con esa enfermidade”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A prevalencia de obesidade na nosa Comunidade Autónoma é elevada e os obxectivos da Consellería de Sanidade coinciden coas liñas de acción que sinala a OMS para incluír a perspectiva de saúde dende o comezo da vida: educar para a saúde ás familias e a comunidade así como buscar cambios ambientais que reforcen as estratexias clínicas. Isto tradúcese en priorizar o contorno escolar como espazo saudable, proporcionar recursos e facilitar por medio de normativas os cambios de conduta necesarios para inverter a tendencia actual.

A valoración que facemos e que temos que seguir traballando na prevención da obesidade dende idades temperás.

O plan Xermola aprobouse en 2014, e temos que ter en conta que os resultados en obesidade en canto a reverter a tendencia nunha poboación deben esperarse a medio-longo prazo. Así foi contemplado no deseño de dito Plan, polo que aos 4 anos da posta en marcha levouse a cabo unha revisión das actividades realizadas para valorar a súa idoneidade.

No plan de avaliación previsto estaba presente un informe de seguimento aos 4 anos da posta en marcha de todas as intervencións definitivas. Como xa se dixo, pasados estes catro anos, redactouse un informe técnico cunha revisión das actividades realizadas e completadas segundo os ámbitos de actuación.

Levaremos a cabo medidas baseadas nas conclusións do Consello Europeo de xuño de 2017



para contribuír a inverter a tendencia actual do sobrepeso e da obesidade infantil.

Medidas como a continuidade e o desenvolvemento de programas integrais e comunitarios de promoción de saúde dende Atención Primaria, formación para os profesionais sanitarios, fomento da participación activa entre diferentes administracións, procura da intersectorialidade a través de diferentes intervencións e priorización da alfabetización en saúde para a nosa poboación están entre as priorizadas para os próximos catro anos.

Tal e como se ven realizando dende o ano 2016, o proxecto Aliméntate ben (Plan Proxecta), que aglutina as iniciativas de diferentes áreas (Sanidade, Educación, Mar, Medio Rural...) xunto con a convocatoria bienal do Congreso Aliméntate ben, así como os programas da Subdirección Xeral para o Deporte (p. ex. plataforma DAFIS), representan a canle óptima para desenvolver os programas de Educación para a Saúde na escola.

Ao abeiro destes programas véñense realizando distintas actividades formativas e informativas para toda a Comunidade educativa, desenvólvense proxectos para todos os niveis educativos e trabállase nunha normativa capaz de regular a oferta alimentaria nos centros educativos en consonancia coas liñas de acción desenvolvidas pola AESAN para todas as CCAA. A continuidade e mellora destas medidas considerase prioritaria para a X lexislatura.

Reforzarmos o uso de páxinas e aplicacións baseadas en Internet coa mellora da iniciativa de comunicación On-Line Xente con vida, que está presente en web, blogue, Facebook e Twitter, con información do estribo sobre alimentación saudable e actividade física.
<https://xenteconvida.sergas.es/Paginas/Portada>

E mediante a futura posta en marcha da plataforma web 'Xanela aberta á Familia' do proxecto Interreg RISCAR, con información destinada a apoiar e asesorar aos pais e nais na crianza infantil, onde a alimentación saudable e o fomento da actividade física terán un lugar destacable.

Así mesmo, a cidadanía dispón dun recurso de información sobre: Campañas, conferencias, xornadas, eventos, formación on-line, publicación, cursos presenciais nas diferentes localidades da Comunidade Autónoma entre outra información mediante o acceso á plataforma 'Escola Galega de Saúde para Cidadáns' <https://escolasaude.sergas.es/>.

E tanto a poboación xeral como as persoas profesionais e as empresas e provedores dispoñen





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:14:47
Nº Rexistro: 52017
Data envío: 27/06/2019 17:14:47.346

de información de interese para o mantemento e a procura da saúde na páxina web da Consellería de Sanidade <https://www.sergas.es/Portada> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 3 de 3



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:14:47
Nº Rexistro: 52017
Data envío: 27/06/2019 17:14:47,346

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2019 17:14:43

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47662** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“as medidas adoptadas en relación cos resultados da auditoría referida aos obxectivos e funcionamento da Unidade de Coidados Intensivos do Hospital Universitario Lucus Augusti, de Lugo”**, (publicada no BOPG número 447 do 22 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O cesamento da supervisora realizouse previa tramitación de procedemento contradictorio esixido polas normas vixentes. Durante a tramitación de dito procedemento adoptáronse medidas provisionais consistentes no apartamento da mesma de funcións de dirección da unidade.

No momento de inicio do procedemento de cesamento era a única supervisora xa que o outro supervisor tiña presentado renuncia ao posto con anterioridade.

Entendemos que non concorre ningunha causa de falta de capacidade obxectiva respecto doutros postos do Hospital Universitario Lucus Augusti”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:29:15
Nº Rexistro: 52027
Data envío: 27/06/2019 17:29:15.736

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2019 17:29:12

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47885** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Flora María Miranda Pena, sobre **“as razóns da diferenza existente entre Galicia e a media dos países da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económicos no referido ao cociente de matronas por cen mil mulleres, así como os plans do Goberno galego para optimizar o seu labor na atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres”**, (publicada no BOPG número 450 do 27 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os datos da OCDE, que a ratio de matronas en España sexa inferior á media dos países obedece ás diferencias organizativas e de xestión dos distintos sistemas sanitarios que non permiten unha extrapolación directa dos datos. Ademais de que no dato da OCDE está a contabilizar matronas en xeral, non exclusivas dos sistemas públicos de saúde.

É obxectivo do Servizo Galego de Saúde garantir a calidade asistencial na prestación dos servizos sanitarios a todas as mulleres independentemente do lugar onde residan.

Tendo en conta a utilidade dos distintos documentos como as guías técnicas asistenciais, os protocolos e os procesos asistenciais integrados para homoxeneizar a atención sanitaria e diminuír a inequidade que pode producir a variabilidade na práctica clínica, o Servizo Galego de Saúde publicará o ‘Proceso asistencial de consulta preconcepcional e de atención ao embarazo normal’, que substitúe ás Guías Técnicas do 2008 de ambos procesos asistenciais.

Así mesmo, e seguindo as recomendacións das Estratexias de Atención ao Parto Normal e de Saúde Sexual e Reprodutiva do Sistema Nacional de Saúde, tamén seguimos traballando para



mellorar a atención ao parto e nacemento, onde o papel da matrona é fundamental para lograr os obxectivos das mesmas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:14:23
Nº Rexistro: 52016
Data envío: 27/06/2019 17:14:23.642

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2019 17:14:04

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49990** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medias adoptadas ou previstas polo Goberno galego en relación coas verteduras de augas fecais ao río Furelos, no concello de Melide, nas proximidades da praia fluvial, así como a realización de controis periódicos da calidade das augas neste punto”**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A praia de Río Furelos en Melide está incluída no censo oficial de zonas de augas de baño de Galicia, polo que é unha das zonas de baño nas que se realizan os controis oficiais previstos no programa de vixilancia sanitaria destas augas dentro da tempada oficial que vai do primeiro de xuño ao 31 de setembro.

A avaliación da calidade destas augas nas tempadas de 2018, 2017 e 2016 obtiveron a cualificación de insuficiente segundo os criterios establecidos polo Real decreto 1341/2007, do 11 de outubro, sobre a xestión da calidade das augas de baño.

Como resultado desta cualificación, o día 09/05/2019, antes do inicio da tempada oficial de 2019, dende a Xefatura territorial de Sanidade da Coruña informóuselle por escrito ao concello de Melide de que a zona de baño denominada Praia fluvial Río Furelos resultara coa clasificación sanitaria de insuficiente e que co fin de dar cumprimento ao establecido no Real Decreto 1341/2007, debería advertirse aos bañistas con carteis na zona de baño da calidade insuficiente das augas de baño e da prohibición ou recomendación de absterse do baño para evitar a exposición dos bañistas á contaminación.

A competencia da autoridade sanitaria remata na avaliación da calidade sanitaria das augas e na comunicación aos concellos nos que estean situadas as zonas de baño para que proporcione información a poboación sobre unha recomendación de absterse do baño ou a



prohibición de facelo, quedando as actuacións de xestión das posibles presións que afecten ao medio fora das súas competencias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:29:08
Nº Rexistro: 52026
Data envío: 27/06/2019 17:29:08.189

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/06/2019 17:29:00

CSV: BOPGDSPGpKNLGur782
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

